

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 17 de agosto de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Antonio Coello Bufill

NON ASISTEN:

D^a. Corina Porro Martínez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Carlos Comesaña Abalde
D^a. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día dezasete de agosto de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa accidental a concelleira Sra. Molares Pérez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretario o concelleiro Sr. Coello Bufill, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral acctal. , Sr. Suárez Sánchez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(976).- ACTA ANTERIOR. Apróbbase as actas das sesións ordinarias do 18 e 26 de xullo. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(977).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTEs. 22/1247, 23/1042, 11/1002, 11/1096, 23/1056, 12/1251, 2/1077, 3/788.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo cos informes propostas do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola Delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda dar de alta no Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a Carmen Hermida Seluci. 22/1247.
- D^a Aurelia Posada Lamas. Expte. 23/1042.

- D^a Clara Luisa Cordero Prado. Expte. 11/1002.
- D^a Margarita Rey Vázquez. Expte. 11/1096.
- D^a Margarita Rocha Domínguez. Expte. 23/1056.
- D^a Josefa Isabel Bouzón Salgado. Expte. 12/1251.
- D^a Adela Saa Alonso. Expte. 2/1077.
- D^a Isabel Cortés Blanco. Expte. 03/788.

3(978).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE MADRES EN DEFENSA DE LOS JÓVENES DROGODEPENDIENTES” (MADRO) PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE OBRADOIROS DE EDUCACIÓN PARA A SAÚDE DIRIXIDO AO COLECTIVO DE ADOLESCENTES. EXPTE. 12874/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 22.07.05 e de acordo co informe proposta da técnica do Servizo de Benestar Social, conformado polo xefe do Sector de Acción Social, a delegada da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.-Aprobar o texto do Convenio de Colaboración coa “Asociación de Madres en Defensa de los Jóvenes Drogodependientes” (MADRO).

2º.-Aprobar o gasto de 13.000 (trece mil) euros, con cargo á partida 313.0.227.06.08, “Plan Local de Drogas” de Benestar Social, no presuposto do ano 2005, cantidade correspondente á aportación municipal ao proxecto.

3º.- Delegar a competencia de asinar o Convenio entre o Concello de Vigo e Madro en dona Marta Iglesias Bueno, Delegada da Área de Participación Cidadá.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE MADRES EN DEFENSA DE LOS JÓVENES DROGODEPENDIENTES (MADRO)

Vigo, de de 2005

REUNIDOS

Dunha parte:

Dna. Marta Iglesias Bueno, Delegada da Área de Participación Cidadá do Concello de Vigo, nomeada por decreto de Delegación de data 21 de febreiro de 2005, e segundo acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de febreiro de 2005, en representación do mesmo.

E doutra

Dna. Carmen Mijares Tuells, Presidenta da Asociación de Madres en Defensa de los Jóvenes Drogodependientes, con CIF G-36750651, con domicilio en Vigo, r/ Tranviarios 6, en representación da mesma.

S.ord. 17.08.05

EXPOÑEN

- 1.- *Que o Concello de Vigo, en Pleno de xullo de 2002, aprobou o “Plan Local de Drogodependencias e outras Adiccións”, baseado na promoción da saúde con especial atención ós grupos de risco.*
- 2.- *Que neste marco de actuación, prantéxase a necesidade de deseñar medidas xerais e actividades para novos, ademáis de afondar na educación para a saúde nos centros escolares.*
- 3.- *Que entre os obxectivos deste Plan atópase o “construir medidas e programas dirixidos particularmente a colectivos que polas súas características precisen dunha atención particular, así como “impulsar e procurar a implicación da comunidade nas accións de prevención”.*
- 4.- *Que é imprescindible a coordinación cos axentes sociais para o deseño de unha intervención global, na que se amose a importancia da educación para a saúde na prevención das drogodependencias e a promoción e educación para a saúde. Destácase, dende a Concellería de Benestar Social, o papel destacado da educación para a saúde e a información e prevención, no intento de artellar accións conxuntas dos axentes sociais coa finalidade da promoción da saúde.*
- 5.- *Que a necesidade de levar á práctica esta coordinación ten motivado diferentes traballos en colaboración coa asociación MADRO.*
- 6.- *Que se reconece por parte do Concello de Vigo a capacitación da citada entidade, a traveso dos profesionais que nela traballan, como os máis idóneos para executar diversos programas de promoción da saúde.*
- 7.- *Este Convenio queda excluído do ámbito do Real Decreto Lexislativo 2/2000 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

En consecuencia, e segundo o manifestado con anterioridade, recoñecéndose expresamente as partes a súa capacidade de obrar para afronta-las accións motivo de convenio, acordan subscribi-lo presente de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Condicións Básicas

Primeira : Obxecto - O Obxecto do presente convenio é establecer un marco de colaboración para a realización dun programa de Obradoiros de Educación para a Saúde dirixidos ó colectivo de adolescentes.

Segunda : Finalidade - A finalidade do convenio é o desenvolvemento dun proxecto de educación para a saúde, dirixido a alumnos de ensino ordinario e non ordinario, de idades comprendidas entre os 12 e os 20 anos, (adxúntase ó presente convenio a memoria explicativa como Anexo I).

Terceira : Funcións - A Asociación MADRO será a encargada de levar a cabo as accións necesarias para a realización do programa, destinando o persoal apropiado para elo.

Será función do Concello facer fronte ós gastos de execución do proxecto polo importe conveniado. Ademáis de realizar o seguimento, control e avaliación última do mesmo, a través da Comisión de Seguimento que se contempla na cláusula sexta.

Cuarta : Destinatarios - serán destinatarios do programa motivo do convenio alumnos de ensino ordinario e non ordinario, xoves de idades comprendidas entre os 12 e os 20 anos.

Quinta : Custo e financiamento - O custo da execución do programa ascenderá a 33.129,40 euros, correspondendo a MADRO a diferenza da aportación municipal de 13.000 (trece mil) euros. A financiación do mesmo será con cargo a partida de gastos 313.0.227.06.08. "Plan Local de Drogas" de Benestar Social, no orzamento de 2005.

O prezo máximo conveniado non poderá ser obxecto de incremento algún.

Sexta : Comisión de Seguimento - Para o seguimento do convenio, así como para a resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de Seguimento, composta a partes iguais por persoas designadas polo Concello e Madro, e presidida pola Delegada da Área de Participación Cidadá.

Como complemento e de xeito conxunto, o desenvolvemento do presente convenio, contará cunha Comisión Técnica de Seguimento formada por técnicos municipais do Departamento de Benestar Social e Madro. Dita comisión terá como cometido avaliar de xeito conxunto o desenvolvemento do proxecto, artella-los medios técnicos apropiados, e reorienta-las actividades e mesmo os proxectos, segundo a evolución do Programa.

Sétima : Difusión do proxecto - a difusión do proxecto, no relativo á súa divulgación nos medios de comunicación, será realizada a iniciativa do Concello de Vigo.

Toda difusión das actividades que se faga deberá contar coa conformidade previa do Concello, ademais en toda publicidade das actividades que se desenvolvan deberá aparecer, unicamente, de xeito visible o logotipo e identificación do Concello de Vigo, así como calquera outro designado polo propio Concello. Como norma xeral, e de non manifestarse en contrario, todo o relacionado con publicidade en medios de comunicación (notas de prensa, entrevistas, etc.) será competencia do Concello de Vigo.

O Concello de Vigo será o interlocutor con tódalas institucións ou entidades que participen no programa, e calqueira realización conxunta de actividades ou colaboracións coas mesmas, deberá contar co visto e prace deste Concello.

Oitava : Obrigas de Madro. Polo presente convenio comprométese a:

8.a - Desenvolve-las actividades que compoñen o proxecto e que se especifican no Anexo I, atendendo ás orientacións e variacións que se poidan acordar polas partes, e segundo as prioridades marcadas dende o Concello.

8.b - Dispoñe-los medios técnicos, materiais e humanos para o correcto desenvolvemento de aquelas. Madro desenvolverá o Programa contando co persoal técnico do que dispón, sendo responsable de dispor doutro complementario de ser necesario.

8.c – Responsabilízase de que tódalas actividades desenvolvidas contén cos seguros (sociais, de responsabilidade civil, ...), etc... cara a súa correcta execución.

8.d – Redactar textos, material gráfico e publicidade do Programa de Educación para a Saúde.

8.e – Facilitar a inspección, control, etc. de persoal técnico do departamento de Benestar Social do Concello de Vigo.

8.f – O equipo técnico que desenvolve o proxecto deberá presentar ó Concello informes periódicos do desenvolvemento do proxecto, e un informe de avaliación final completo.

8.g – Introducir calquera outra acción tendente ó correcto desenvolvemento do mesmo, sempre de acordo coas orientacións xerais do Concello e da Comisión de Seguimento en concreto.

Novena : - Obrigas do Concello de Vigo - Por este convenio, e para o desenvolvemento do mesmo, este Concello de Vigo obrígase a:

9.a - Artella-los medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación da actividade.

9.b - Dispoñe-los medios económicos precisos para cubri-los gastos de execución das actividades presentadas, polo importe máximo marcado no presente convenio (13.000 euros).

Acordos para resolucións, cancelamento ou renovación:

Décima - Como norma última, será o Concello, o que teña a capacidade de decisión definitiva no referido ó presente Convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

Undécima - O incumprimento do especificado no clausulado, poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, unha vez oída a Comisión de Seguimento.

De ser MADRO a que non cumpriran o acordado, suporá o cancelamento dos pagamentos pendentes. No caso de non executarse actividades e terse librado de xeito adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma no momento do cancelamento.

Pago e xustificación:

Duodécima : Pagamento.

1.- Primeiro pago: o Concello aboará a Madro, ó inicio do programa, a cantidade de 6.500 (seis mil cincocentos) euros, que supón ó 50% do total.

Esta cantidade inicial aboarase ó inicio do programa, para facer fronte ós gastos xerados polo comezo das actividades. Para elo, o funcionario encargado do Servicio de Benestar Social certificará a data de comezo do programa.

O resto do importe da cantidade presupostada, 6.500 (seismil cincocentos) euros, pagarase en dous prazos.

2.- Segundo pago: por importe de 3.250 (tres mil douscentos cincuenta) euros (25% do total), executarase unha vez que se certifique por parte do responsable municipal, que procede a segunda entrega por terse executado o convenio, cando menos nun 50%.

3.- Terceiro e derradeiro pago: por importe do 25% restante, 3.250 (tres mil douscentos cincuenta) euros, efectuarase unha vez sexa xustificada a realización da totalidade do proxecto por parte do funcionario referido, tras da presentación por parte do equipo técnico do proxecto designado por Madro do informe final de execución.

As actividades que non se desenvolvan, producirán un desconto proporcional nas cantidades acordadas do convenio, caso de non ser substituídas por outras segundo acordo da Comisión Técnica de Seguimento.

Décimo terceira - a xustificación do gasto farase a traverso do persoal técnico do departamento de Benestar Social que forme parte da Comisión de Seguimento, e o funcionario encargado será o autorizado a da-lo visto e prace á xustificación da realización das actividades, para o posterior abono, e de acordo co exposto na cláusula duodécima.

Vixencia:

Décimo cuarta - O presente convenio terá vixencia durante o desenvolvemento do proxecto, e ata o 31 de decembro de 2005.

Acordo final:

Décimo novena - Este convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Madro, poderá ter algunha ampliación nos contidos, actividades, etc., de ser así acordado polos asinantes a través da Comisión de Seguimento.

Deberá facerse constar nun anexo, informado debidamente polos técnicos municipais, e sen que supoña aumento nas cantidades convenidas ou modificación dos contidos fundamentais de aquél, sen que sexa preciso a asinatura dun novo convenio.

Estando de acordo as partes co anteriormente manifestado, asinan o presente convenio en Vigo a de xullo de dous mil cinco.

4(979).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN “SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ” PARA REALIZAR O PROGRAMA VACACIÓNS EN PAZ 2005. EXPTE. 12880/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 1.08.05 e de acordo co informe proposta da xefa de Sección de Coordinación de Servizos Sociais, do 21.07.05, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º- Aprobar o convenio de colaboración coa Asociación “Solidariedade Galega co Pobo Saharauí” cif. G15.924.558, entidade colaboradora co Concello de Vigo, para o desenvolvemento do proxecto “Vacaciones en Paz 2005”, de acordo coas estipulacións do mesmo.

2º- Aprobar o gasto de 5.600 € con cargo á partida 3130.4800001 –Axudas ó terceiro mundo-, que corresponde ó desprazamento de dez nenas/os.

3º- Delegar na Delegada da Área de Participación Cidadá, Dª Marta Iglesias Bueno, a sinatura do presente convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN CON “SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ” PARA O PROXECTO “VACACIÓNS EN PAZ 2005”

Vigo, de xullo de 2005

Dunha parte Dª Marta Iglesias Bueno, con Dni 35.317.924-K, Delegada da Área de Participación Cidadá, en virtude do decreto de Alcaldía de 21/02/05 e acordo da xunta de Goberno Local de 28/02/05, autorizada expresamente por acordo do mesmo órgano en sesión de data

Doutra arte D. Bernardo Porto Sánchez, con Dni 35.546.445Z, como Presidente de la asociación “Solidariedade Galega co Pobo Saharauí” CIF G15924558.

Ambas partes recoñécense mutua capacidade para conveniar e

EXPOÑEN

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.1, di que os municipios no ámbito das súas competencias poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade.

Que a participación das asociacións no funcionamento do traballo social é fundamental, recoñecéndolles a contribución que teñen como entidades colaboradoras das Administracións Públicas.

“Solidariedade Galega co Pobo Saharauí” ven desenvolvendo dende fai tempo unha importante labor coa realización do proxecto “Vacaciones en Paz” para nenos/as saharauís en Galicia. A procedencia dos menores é dos campamentos de refuxiados de Tindouf (ARXELIA) e participan no proxecto varios concellos, deputacións e outras institucións, para o que a Asociación dispón da regulamentaria autorización como entidade prestadora de servizos sociais da Consellería de Familia.

A Corporación Municipal pola súa parte, en sesión plenaria de data 25 de abril de 2005, aprobou unha moción relativa a un plan de acollida para os nenos saharauís, aumentando progresivamente a achega por parte do Concello de Vigo no programa. No pasado ano 2004 aboóronse os gastos de cinco viaxes, pasándose no presente exercicio a un importe que permite o desprazamento de dez nenos/as.

Este Convenio queda excluído do ámbito de aplicación do Real Decreto Lexislativo 2/2000 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

CLAÚSULAS

Primeira.-

O obxecto do presente convenio é a colaboración coa Asociación “Solidariedade Galega co Pobo Saharauí” para o desenvolvemento do proxecto denominado “Vacacións en Paz” segundo se describe na ficha técnica do mesmo que se achega ó presente convenio.

Segunda.-

A Asociación “Solidariedade Galega co Pobo Saharauí” conta co recoñecemento do Goberno Saharauí para a realización deste proxecto, sendo a única autorizada para elo.

Terceira.-

A Asociación “Solidariedade Galega co Pobo Saharauí” figura inscrita no Rexistro Galego de organizacións non gobernamentais de axuda ó desenvolvemento que se regula na Orde de 4 de abril de 1994, así como no de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia.

Cuarta.-

O Concello de Vigo aporta para a realización do programa unha a cantidade de 5.600 euros, equivalente o importe dos desprazamentos e gastos de 10 (dez) nenos/as, con cargo o funcional 3130 – Benestar social-, partida 4800001 –Axuda ó terceiro mundo-.

Quinta.-

O presente convenio inscríbese na necesaria cooperación con outros países para propiciar o seu desenvolvemento integral, contribuír á mellora das condicións de vida dos seus habitantes e aliviar e corraxir as situacións de pobreza, propiciando un desenrolo humano solidario e estable en países do terceiro mundo.

Sexta.-

Co obxectivo de garantir a adecuada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos antes expostos, así como para resolver as controversias, dúbidas ou interpretacións do convenio, se creará unha Comisión de Seguimento integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, sendo presidida por un representante do Concello de Vigo .

Sétima.-

As accións que se executen no desenvolvemento establecido no presente Convenio de Colaboración, se axustarán en todo momento ós requirimentos, condicións, prazos legais e regulamentación en xeral contidos na normativa que resulte aplicable en función da materia.

As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal se axustarán ó disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Regulamentación do Tratamento Automatizado dos Datos de Carácter Persoal.

Oitava.-

O Concello velará pola seguridade dos menores na medida das súas posibilidades garantindo que se cumpran os requisitos de atención ós mesmos.

Para elo, dende o Departamento de Benestar Social, emitirase informe social das familias acolledoras no que se fará constar a idoneidade das mesmas así como unha declaración xurada a través da cal as familias acolledoras se comprometen a cumprir as datas de entrega dos nenos/as para o seu retorno.

A Asociación “Solidariedade Galega co Pobo Saharuí” comprométese a facilitar ó Concello o nome e dirección, así como un número de teléfono de contacto, dos monitores que teñen a custodia dos neno/as que estean no termo municipal de Vigo, debendo estar localizábeis durante o tempo que dure a estancia dos menores na cidade.

Novena.-

A Asociación “Solidariedade Galega co Pobo Saharuí” disporá do necesario para subscribir as pólizas de seguros que garantan a cobertura de todos os aspectos da actividade.

Décima.-

O pago da achega municipal contemplada na cláusula cuarta –5.600 €-, efectuarase previa presentación do orixinal da factura detallada do custe do desprazamento dos dez nenos/as que subvenciona o Concello, conformadas polo funcionario municipal responsable do programa no sentido de que o mesmo se desenvolveu convenientemente.

Décimo primeira.-

O presente convenio estará vixente dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2005, sendo causa de rescisión o incumprimento das cláusulas do mesmo.

Norma final.-

En todo o non previsto no presente convenio, estarase ó disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (BOE nº 276 de 18/11/2003).

5(980).- FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS PARA O FESTIVAL DE MÚSICA DE VIGO “ARE-MORE 2005”. EXPTE. 9121/331.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta do técnico de Actividades Culturais, do 04.08.05, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar os prezos de venda ao público das entradas para os concertos incluídos no programa do Festival de Música de Vigo Are-More 2005, de acordo co seguinte detalle:

1. PREZOS PARA OS CONCERTOS NO TEATRO CINE FRAGA-CAIXAGALICIA:

Acceso por entrada, capacidade limitada e butaca numerada.

CONCERTO	DATA	PREZO	ABONO
“Il Trionfo del tempo e del desinganno”. Wiener Akademie	22/10/05	20€	Non incluído
Fernando Argenta en concerto...en familia	29/10/05	3.-€ (adultos) 2.-€ (infantil)	Non incluído
Compañía Karromato: “La fiesta del emperador”	4/11/05 (escolar, doble función) 5/11/ 05 (familiar)	2.-€ 3.-€ (adulto) 2.-€ (infantil)	Non incluído
Dame Felicity Lott e Cuarteto Schumann	8/11/05	10€	Incluído
Marc-Antonie Charpentier: La descente D’Orphée aux enfers François Couperin: La Paix du Parnasse (intermezzo) Orquestra Barroca Le Triomphe de L’amour	19/11/05	10€	Incluído
Ópera para nenos: “La Cenicienta” de P. Viardot	24/11/05 (escolar, doble función) 25/11/05 (familiar)	2.-€ 3.-€ (adulto) 2.-€ (infantil)	Non incluído

“La Bella Molinera”. Ian Bostridge e Graham Johnson	1/12/05	10 €	Incluído
Cuarteto de corda “Manuel Quiroga”. Víctor Rodríguez, piano	3/12/05	10 €	Incluído
“Music for a while”. Anne Sofie Von Otter e ensemble	7/12/05	20 €	Incluído

2. CONCERTOS NO AUDITORIO “MARTÍN CODAX” DO CONSERVARIO SUPERIOR DE MÚSICA E NA PARROQUIA-SANTUARIO “MARÍA AUXILIADORA:

Acceso libre, ata completar o seu aforamento.

3. ABONOS E DESCONTOS.

ABONOS

(quedan excluídos o concerto de inauguración e os concertos do ciclo de formación de públicos)

- ABONO 5 CONCERTOS: Desconto do 30%

Aplicarase o desconto sobre o total ao adquirir xuntas entradas para os 5 concertos.

- ABONOS 3 CONCERTOS: Desconto do 20%

Aplicarase o desconto sobre o total ao adquirir xuntas entradas para 3 concertos a escoller.

DESCONTOS

- **MENORES DE 25 ANOS, MAIORES DE 65 ANOS, FAMILIAS NUMEROSAS, PERSOAS DISCAPACITADAS OU DESEMPREGADAS:** Desconto do 30%. Este desconto non e acumulábel con outras bonificacións.
- **PREZO DE APOIO AOS ESTUDANTES DE MÚSICA:** Prezo único de 3 € para calquera dos concertos programados. Beneficiarase deste desconto o alumnado do conservatorio, de escolas de música públicas e privadas, membros de bandas de música, etc. Este desconto é incompatíbel con calquera outro tipo de desconto ou abono.

ACREDITACIÓN DE IDENTIDADE: as persoas portadoras de entradas con prezo reducido, por idade ou por seren estudantes de música terán que acreditar necesariamente a súa identidade ou a súa condición (estudante de música, membro de banda, etc.).

4. CONCERTOS DE FORMACIÓN DE PÚBLICOS

Os concertos incluídos no ciclo “A formación de públicos no Are-More” están fóra do sistema de abonos. As funcións para público escolar irán destinadas á comunidade educativa da cidade, para grupos cun mínimo de 15 persoas, e teñen un prezo de 2 € por alumno/a; o acceso do profesorado acompañante será gratuíto.

As funcións para público familiar están pensadas para a participación de grupos familiares que poderán adquirir entradas xuntas até un máximo de 10 rapaces. Límite máximo de dous adultos acompañando a un rapaz. Os prezos serán de 3 €, adulto, e de 2 € (infantil até 14 anos).

6(981).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DURANTE O MES DE XULLO DE 2005. EXPTE. 1627/335.

De conformidade co establecido na base 31ª das Bases de execución do presuposto xeral do Concello de Vigo para o ano 2005, o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, mediante providencia de data 04.08.05, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados no servizo de Festas e Animación Sociocultural durante o mes de xullo de 2005, que son os seguintes:

EXPTE. 1564/335. RESERVA DE CRÉDITO GASTOS POR SERVIZOS DE MENSAXERÍA, COMUNICACIÓN OU CORREO POSTAL DA CONCELLARÍA DE FESTAS.

DECRETO CONCELEIRO DATA: 06-07-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 32158

ADXUDICATARIO: VARIOS.

IMPORTE: 400,00 €

EXPTE. 1622/335. CONTRATACIÓN PUBLICIDADE PARA DIFUSIÓN DA PROGRAMACIÓN DAS FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2005, EN MEDIOS DE COMUNICACIÓN.

DECRETO CONCELEIRO DATA: 29-07-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 35221

ADXUDICATARIO: VARIOS.

IMPORTE: 12.000,00 €

EXPTE. 1556/335. RESERVA DE CRÉDITO PARA ATENDER OS GASTOS VARIOS E IMPREVISTOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DAS FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2005.

DECRETO CONCELEIRO DATA: 06-07-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 30737

ADXUDICATARIO: VARIOS

IMPORTE: 8.000,00 €

EXPTE. 1557/335. CONTRATACIÓN SERVIZOS PREVENTIVOS DE PRIMEIROS AUXILIOS PARA OS CONCERTOS DAS FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2005

DECRETO CONCELEIRO DATA: 08-07-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 30429

ADXUDICATARIO: CRUZ ROJA ESPAÑOLA.

IMPORTE: 3.600,00 €

EXPTE. 1586/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DA CORAL CASABLANCA NAS FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2005.

DECRETO CONCELEIRO DATA: 12-07-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 32213
ADXUDICATARIO: CÍRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO.
IMPORTE: 5.684,00 €

EXPTE. 1589/335. CONTRATACIÓN DA ORGANIZACIÓN E EXPOSICIÓN DO X MARATÓN FOTOGRÁFICO.
FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2005.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 12-07-05
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 32212
ADXUDICATARIO: AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA.
IMPORTE: 6.000,00 €

EXPTE. 1595/335. CONTRATACIÓN DE TALLERES DE ACTIVIDADES INTERCULTURAS DENTRO DO
PROGRAMA INFANTIL V3: VIGO, VERÁN, VALORES.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 12-07-05
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 32222
ADXUDICATARIO: CREACIONES LEAL, S.L.
IMPORTE: 6.612,00 €

EXPTE. 1596/335. CONTRATACIÓN DE ACTIVIDADES AMBIENTAIS DENTRO DO PROGRAMA INFANTIL V3:
VIGO, VERÁN, VALORES.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 12-07-05
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 32221
ADXUDICATARIO: CREACIONES LEAL, S.L.
IMPORTE: 8.468,00 €

EXPTE. 1597/335. CONTRATACIÓN DE TALLERES, TÍTERES E MARIONETAS, DENTRO DO PROGRAMA
INFANTIL V3: VIGO, VERÁN, VALORES.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 12-07-05
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 32268
ADXUDICATARIO: ANIMATIUM EXPANSIÓN, S.L.
IMPORTE: 2.293,00 €

EXPTE. 1598/335. CONTRATACIÓN DE TALLERES INTERACTIVOS, DENTRO DO PROGRAMA INFANTIL V3:
VIGO, VERÁN VALORES.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 12-07-05
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 32269
ADXUDICATARIO: FUNDACIÓN IGUALARTE.
IMPORTE: 4.000,00 €

EXPTE. 1600/335. CONTRATACIÓN DA ACTIVIDADE "EN BUSCA DO TESOURO", DENTRO DO PROGRAMA
INFANTIL V3: VIGO, VERÁN VALORES.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 12-07-05
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 32267
ADXUDICATARIO: TÍTERES CACHIRULO, S.L.
IMPORTE: 2.171,00 €

EXPTE. 1599/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DISTRIBUCIÓN E PEGADA DA CARTELERÍA DAS "FESTAS
DO CRISTO DA VICTORIA 2005".
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 11-07-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 32181
ADXUDICATARIO: PRODUCCIONES ARTÍSTICAS BOXER, S.L.
IMPORTE: 4.422,50 €

EXPTE. 1614/335. CONTRATACIÓN DA COORDINACIÓN E DESEÑO DA IMAXE DO PROGRAMA INFANTIL DE VERÁN V3: VIGO, VERÁN, VALORES.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 27-07-05
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 34719
ADXUDICATARIO: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.
IMPORTE: 8.236,00 €

EXPTE. 1615/335. CONTRATACIÓN DO CICLO DE CINE AO AIRE LIBRE REALIDADE 2005.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 27-07-05
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 34720
ADXUDICATARIO: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.
IMPORTE: 11.948,00 €

A Xunta de Goberno local queda enterada.

7(982).- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DURANTE O ANO 2005. EXPTE. 5426/333 (1).

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do director deportivo do IMD, do 15.07.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

Con data 14 de febreiro de 2005 a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de aproba-las Bases e anexos da convocatoria para a concesión de subvencións a entidades deportivas para a organización de eventos deportivos durante o ano 2005. Esta é unha convocatoria aberta onde os clubs poden solicitar subvencións ata o día 28 de outubro de 2005.

Tal como se establece no artigo 6 das bases, se publicou anuncio na prensa local o día 18 de marzo de 2005, ó obxecto de convocar ás entidades que pretendan ser subvencionadas pola organización de eventos deportivos.

Tendo en conta o que se establece para aplicación do Baremo e criterios de avaliación que figuran no artigo 12 das Bases, este técnico procede a avaliar as seguintes solicitudes:

1.- *Solicitud presentada pola AAVV Cristo da Victoria para oa organización da XXVI Medio Maratón de Coia.*

Este é unha das carreiras populares máis importantes que de desenvolven na nosa cidade. Dispón de un circuito que está homologado pola Federación Galega de Atletismo. Asemade se desenvolven outras catro probas para as categorías inferiores.

O número de atletas que participa esta sobre os setecentos.

Presentan un orzamento de 19.275 € no capítulo de gastos onde destacan os gastos en premios. O presuposto está equilibrado, e a proba se financia con subvencións de entidades públicos e privados.

Tendo en conta os criterios de avaliación que figuran no apartado 1 do artigo 12 resulta o seguinte.

- Pola difusión da imaxe da cidade	2.000 €
- Pola importancia deportiva do eventos	4.000 €
-	Total 6.000 €

2.- Solicitud presentada polo club polideportivo Saudade para a organización da campionato de Europa de Peso Mosca

Se trata do campionato de Europa do Peso Mosca entre o vigués Ivan Pozo y o italiano Andrea Sarritzu, este evento é dos mais importantes do ano no panorama nacional.

Tendo en conta os criterios de avaliación que figuran no apartado 1 do artigo 12 resulta o seguinte.

- Pola difusión da imaxe da cidade	9.000 €
- Pola importancia deportiva do eventos	9.000 €
-	Total 18.000 €

3.- Solicitud presentada pola Agrupación Deportiva Zanshin con CIF G36870160 para a organización de 5º Campeonato Gallego Kobudo- Defensa Personal

Consiste nun evento sobre armas xaponesas clasificatorio para o camponato de España

Polo ambito do evento	1.500 €
	Total 1.500 €

4.- Solicitud presentada pola Agrupación Deportiva Zanshin con CIF G36870160 para a organización de 6º Trofeo Ciudad de Vigo

Trofeo con recoñecemento a nivel nacional coa participación dos mellores karatecas do pais (ambito nacional) se desenvolvera no mes de novembro.

Polo ambito do evento	3.000 €
	Total 3.000 €

5.- Solicitud presentada pola entidade Club Deportivo Vigo de Futbol sala con CIF G36935229 para a organización da 5 edición do Trofeo Concello de Vigo 2005.

Categoría internacional donde se dan cita los mejores equipos de FS.

Polo ambito do evento	6.000 €
	Total 6.000 €

6.- Solicitud presentada pola Club Ciclista Vigués con CIF G36650885 para a organización de Diptico ciclista – 32º Gran Premio Ciudad de Vigo de Ciclismo

Unica proba de Galicia incluída no calendario europeo 2005 da Unión Ciclista Internacional. Participan os mellores ciclistas xóvenes do ciclismo mundial

Pola difusión da imaxe da cidade	11.000 €
Pola importancia deportiva do evento	9.000 €
	Total 20.000 €

Tendo en conta todo o dito anteriormente, propoño a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:...”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade precedente informe-proposta, acorda outorgar as seguintes subvencións ás entidades que se detallan:

- AAVV Cristo da Victoria con CIF G36622793 para a organización da XXVI Medio Maratón de Coia unha subvención de 6.000 €
- Club Polideportivo Saudade con CIF G36662344 para a organización do campionato do Campionato de Europa do Peso Mosca, unha subvención de 18.000 €
- Agrupación Deportiva Zanshin con CIF G36870160 para a organización de 5º Campeonato Gallego Kobudo- Defensa Personal e o 6º Trofeo Cidade de Vigo, unha subvención de 4.500 €
- Club Deportivo Vigo de Fútbol sala con CIF G36935229 para a organización da 5 edición do Trofeo Concello de Vigo 2005, unha subvención de 6.000 €
- Club Ciclista Vigués con CIF G36650885 para a organización de Dúptico ciclista – 32º Gran Premio Ciudad de Vigo de Ciclismo, unha subvención de 20.000 €

Este gasto irá contra o crédito da partida 4521 4890001 subvencións eventos deportivos.

8(983).- SOLICITUDE DA FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN E O CORTE INGLÉS DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR A XXVII TRAVESÍA A NADO EL CORTE INGLÉS-TROFEO RÍA DE VIGO, O DÍA 14.08.05 NO VAO. EXPTE. 5465/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 05.08.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar á Federación Galega de Natación e o Corte Inglés a organizar o vindeiro día 14 de agosto de 2005 a proba deportiva denominada “XXVII Travesía a Nado El Corte Inglés- Trofeo Ría de Vigo” que se desenvolverá na praia do Vao a partir das 11:00 h.

9(984).- SOLICITUDE DO CLUB CICLISTA VIGUÉS PARA A ORGANIZACIÓN OS VINDEIROS DÍAS 20 E 21 DE AGOSTO DE 2005 A PROBA DEPORTIVA “DÍPTICO CICLISTA INTERNACIONAL DE GALICIA”. EXPTE. 5414/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 10.08.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Autorizar ao club ciclista Vigués a organizar os vindeiros días 20 e 21 de agosto de 2005 a proba deportiva denominada “Díptico Ciclista Internacional de Galicia”, que conta con dúas carreiras

- II Gran Premio Área Metropolitana de Vigo.
- XXXI Gran Premio Cidade de Vigo.

2º.- Autorizar ao club ciclista Vigués a desenvolver a proba ciclista II Gran Premio Área Metropolitana de Vigo, polas rúas pertencentes o termo municipal do concello de Vigo, o sábado día 20 de agosto de 2005 a partir das 14:00 h.con saída (neutralizada) dende a avda. de Citroen, diante da Grada de Río do estadio municipal de Balaidos , e percorrido polas rúas avda. Fragoso, Pza. de América. Gran Vía, avda. de Madrid con saída oficial a altura do Seminario Mos, Redondela, Pazos de Borbén, Mondariz, Mondariz-Balneario, Pontearreas, As Neves, Salvaterra, Tui, Gondomar, Nigrán e entrada no termo municipal de Vigo pola estrada PO-552, rotonda de San Andres, avda. de Citroen, avda. de Portanet, avda. de Castrelos, avda. de Portanet e e chegada á meta na avda. de Citroen diante da Grada de Río do estadio municipal de Balaidos a partir das 17:30 h.

3º.- Autorizar ao club ciclista Vigués a desenvolver o XXXII Gran Premio Cidade de Vigo o domingo 21 de agosto de 2005 con saída , a partir das 10:00 h. dende a avda. de Citroen, diante da Grada de Río do estadio municipal de Balaidos, e con un percorrido de 8 voltas a un circuíto formado polas rúas: Circunvalación Oeste ata Bouzas e volta ata a vda. Citroen (contrameta), Avda. Portanet, Avda. Castrelos, Circunvalación Castrelos saída Salgueira, camiño Freixeiro, Gran Vía, Conde de Gondomar, Avda. de Madrid, raqueta estación de autobuses, Circunvalación Castrelos Avda. Portanet, e meta na avda. de Citroen, diante da Grada de río do estadio municipal de Balaidos. O remate da proba está previsto as 14:00 h.

4º.- Autorizar ao club ciclista Vigués a desenvolver, como complemento a proba deportiva, diferentes actividades paralelas para promover e difundir este deporte, que consisten en diferentes actuacións musicais, baile moderno, baile tradicional e diferentes xogos, ademais da exposición-degustación Deportes e Alimentos de Galicia.

5º.- Autorizar ao club ciclista Vigués a instalar unha carpa de 40 x 20 m. na zona de meta para desenvolver as diferentes actividades paralelas.

6º.- O club ciclista Vigués deberá presentar unha póliza de Responsabilidade Civil, para a cobertura de calquera desperfecto que poidan causar.

10(985).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE TRAÍÑAS. EXPTE. 1670/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 6.08.05 e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 14.07.05, conformado pola coordinadora de Turismo e Comercio, pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, e o interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Real Club Náutico de Vigo, que de seguido se transcribe, para a organización do Campionato de España de Traineras, que se desenvolverá na Ría de Vigo no mes de outubro.

2º.- Autorizar e dispoñer o gasto de 19.415 euros (IVE incluído) a favor do Real Club Náutico de Vigo, con CIF: G-36612752, para a organización do Campionato de España de Traineras, con cargo á partida “Actividades e Eventos”, 4521 227 06 03, do presuposto actualmente en vigor.”

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O REAL CLUB NAÚTICO DE VIGO E O CONCELLO DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN CONXUNTA DO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE TRAIÑAS.

Vigo, 27 de xulo de 2005.

Por unha parte, o Excmo. Concello de Vigo, actuando no seu nome e representación e no exercicio do seu cargo, a súa Ilma. Alcaldesa, D^a Corina Porro Martínez, ó abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 7/1985, do 2 de abril, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Por outra, o Real Club Náutico de Vigo, actuando no seu nome e representación e no exercicio do seu cargo, o Presidente da entidade, D. Franco Cobas González, ó abeiro do seu nomeamento como Presidente da entidade de data 5 de novembro de 2004.

Ámbalas partes recoñécense mutuamente capacidade e competencia para asinar este convenio.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-

As Concellerías de Turismo e Deportes veñen apostando polo turismo náutico como un produto fundamental para o desenvolvemento da política turística e deportiva do Concello de Vigo, dada a riqueza natural e o enorme potencial dos recursos turísticos vencellados ó mar que posúe a cidade.

Este ano, Vigo estará no punto de mira da prensa nacional e internacional, así como dos profesionais e amantes dos deportes náuticos e máis concretamente da vela, xa que será porto de saída da Volvo Ocean Race.

SEGUNDO.-

As Concellerías de Turismo e Deportes farán un especial fincapé na promoción de eventos que teñan relación co disfrute da nosa Ría e dos deportes náuticos, xa que atrae un público de alto poder adquisitivo, que

utilizará os servicios hoteleiros e hosteleiros da cidade fóra do período estival, contribuíndo a desestacionalizar a demanda turística, que se atopa concentrada nos tres meses do verán.

TERCEIRO.-

Dende o punto de vista deportivo se pretenden popularizar os deportes náuticos, en todas as súas vertentes e categorías, neste caso concreto, o Concello de Vigo ten a intención de promocionar o remo, na súa modalidade de TRAIÑAS.

O Campionato nacional celerarase o 20 e 21 de agosto na Ría de Vigo e participarán oito embarcacións do norte de España: País Vasco, Cantabria, Asturias e Galicia. As traiñas clasificaranse según o baremo da Federación Española de Remo.

A celebración deste Campionato na Ría de Vigo é de especial transcendencia, por tratarse dun evento de carácter nacional, que formará parte da programación que o Concello de Vigo está organizando e programando de cara á celebración da Volvo Ocean Race.

Por todo o antedito, as Concellerías de Turismo e Deportes e mailo Real Club Náutico conveñen na necesidade de organizar en Vigo o Campionato de España de Traiñas, a celebrar na Ría de Vigo.

Dado que o Concello de Vigo non ten capacidade para a organización dunha competición destas características e o Real Club Náutico, sociedade sen ánimo de lucro, conta con medios e recursos necesarios para a organización deste evento, as partes asinan o presente convenio, segundo as seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA: O Concello de Vigo, a través das súas concellerías de Turismo e Deportes, convén a organización do Campionato de España de Traiñas, a celebrar na Ría de Vigo no mes de agosto de 2005.

SEGUNDA: A organización deste evento correrá a cargo do Real Club Náutico de Vigo, que será o responsable de todos os extremos relativos a convocatorias, loxística, infraestrutura, para o completo desenvolvemento do programa que conformará este campionato.

TERCEIRA: O Campionato de España de Traiñas desenvolverase en augas da Ría de Vigo no mes de agosto, segundo o programa e características que se achega a este convenio.

CUARTA: No Campionato de España de Traiñas participarán oito embarcacións do País Vasco, Cantabria, Asturias e Galicia.

QUINTA: O Concello de Vigo aportará para a organización conxunta deste evento a cantidade de 19.415 € (IVE incluído), que será aboada ó Real Club Náutico de Vigo nun único pagamento unha vez certificado polo técnico correspondente.

Este gasto imputarase á partida 4521 227 06 03 “Actividades e Eventos Internacionais”, do presuposto actualmente en vigor do Departamento de Deportes.

SEXTA: O Real club Náutico de Vigo será a entidade encargada de contratar con terceiros todos aqueles servizos e subministros que sexan necesarios para o desenvolvemento do campionato, non existindo ningunha relación contractual entre o Concello de Vigo e as empresas contratadas.

SETIMA: O Real Club Náutico comprométese a notificar ó Concello de Vigo calquera modificación ou alteración do calendario previsto neste convenio, xustificando as causas que dean lugar a dita modificación.

OITAVA: O Concello de Vigo será convocado a todos cantos actos públicos ou rodas de prensa se realicen para a promoción deste evento. Asimesmo, será incluído o logotipo das Concellerías implicadas en todo o material de merchandising e publicitario que se edite co gallo deste evento..

NOVENA: O Concello de Vigo terá reservada a entrega do premio “Concello de Vigo” na organización deste evento.

DÉCIMA: As Concellerías de Turismo e Deportes quedan facultadas para solucionar as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio, así como tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

UNDECIMA: O presente convenio terá vixencia ata o 30 de decembro de 2005 e non será prorrogable.

E en proba de conformidade, as partes asinan por duplicado e a un só efecto o presente convenio no lugar e data indicados.

11(986).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O REAL CLUB CELTA PARA A CELEBRACIÓN DO TROFEO CIDADE DE VIGO 2005. EXPTE.5449/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 29.07.05, o informe do interventor xeral do 11.08.05, e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 21.07.05, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.-Aprobar o texto do convenio entre o Excmo. Concello de Vigo e o Real Club Celta de Vigo, SAD, para a celebración do Trofeo Cidade de Vigo de Fútbol 2005.

2º.- Autorizar e dispoñer o gasto a favor do Real Club Celta de Vigo SAD a cantidade de 100.000 €, pola organización do Trofeo Cidade de Vigo de Fútbol 2005, consonte co convenio que se achega.

Este gasto se imputará á partida 4521 4700000 por un importe de 100.000 €

CONVENIO EXCMO. CONCELLO DE VIGO-REAL CLUB CELTA DE VIGO, SAD, PARA A CELEBRACIÓN DO TROFEO CIDADE DE VIGO DE FÚTBOL 2005.

En Vigo, a ____de agosto de 2005.

REUNIDOS

Dunha parte: D^a. Corina Porro Martínez, Alcaldesa-presidenta do Excmo. Concello de Vigo.

Doutra parte: D. Horacio Gómez Araújo, Presidente do Real Club Celta de Vigo, SAD.

MANIFESTAN QUE

Que en aras do interese deportivo que para a cidade de Vigo ten a realización do Trofeo Cidade de Vigo de Fútbol, que cun grande éxito e tradición vense celebrando, o Excmo. Concello de Vigo e o Real Club Celta de Vigo, SAD, conveñen a realización do devandito evento 18 en agosto de 2005, nos seguintes termos

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:

1.1.- Autorizar a organización do Trofeo Cidade de Vigo de Fútbol ao Real Club Celta de Vigo, SAD, para a celebración do mesmo o vindeiro día 18 de agosto de 2005.

1.2.- A cesión das instalacións municipais necesarias para a celebración do dito evento na data indicada.

1.3.- Aboar ao Real Club Celta de Vigo, SAD, a cantidade de 100.000 €, con cargo á partida 4521.470.00.00 do orzamento da Concellería de Deportes. Este pagamento realizarase á entidade Real Club Celta de Vigo, SAD nun ingreso único na conta bancaria estipulada ao efecto. O pagamento realizarase tralo informe técnico do servizo de Deportes de que se desenvolveu a actividade. O servizo de deportes a través do seu servizo técnico controlará o correcto desenvolvemento da actividade

SEGUNDA.- O Real Club Celta de Vigo, SAD asume as seguintes obrigas:

2.1.- Organizar o Trofeo Cidade de Vigo de Fútbol 2005, o vindeiro 18 de agosto. asumindo a responsabilidade da boa marcha do mesmo.

2.2.- En toda a publicidade do evento figurará o logo do Concello de Vigo-Concellería de Deportes.

2.3.- O Real Club Celta de Vigo, SAD, porá a disposición da Concellería de Deportes as invitacións que sexan precisas para a promoción o evento na Cidade.

2.4.- Todos os medios de promoción e difusión, deberán de empregar o Galego coma idioma oficial do evento.

2.5.- As responsabilidades derivadas da organización do evento, deberán estar cubertas cunha póliza de responsabilidade civil.

TERCEIRA: O seguimento da execución deste Convenio será realizado pola Concellería de Deportes do Excmo. Concello de Vigo, comprometéndose o Real Club Celta de Vigo, SAD a facilitar o dito labor, debendo o técnico encargado, de emitir Certificación da realización do evento, previa ao pagamento da cantidade sinalada na disposición 1.3.

CUARTA: A vixencia do presente convenio é para a realización da edición do ano 2005 do Trofeo Cidade de Vigo, a celebrar o vindeiro día 18 de agosto de 2005

QUINTA: A concelleira-delegada da Area de Promoción Económica e Desenvolvemento Local queda facultada para solucionar posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio.

12(987).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CLUB OCTAVIO PARA A CELEBRACIÓN DO TORNEO DE BALONMÁN DO EIXO ATLÁNTICO. EXPTE. 5448/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29.07.05, e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 27.07.05, conformado pola coordinadora de Turismo e Comercio, pola concelleira de Deportes e Turismo e o interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Sociedade Deportiva Octavio Vigo co CIF: G-36907384.

2º.- Autorizar e dispoñer o gasto de 3.000 euros a favor da entidade Sociedade Deportiva Octavio-Vigo, pola organización do TORNEO DE BALONMÁN DO EIXO ATLANTICO-2005” este gasto irá con cargo á partida 4521.226.08.00 “Organización de Actividades Deportivas”.

CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DEPORTIVA ENTRE O CONCELLO DE VIGO, E A S.D. OCTAVIO VIGO PARA A CELEBRACIÓN DO TORNEO DE BALONMÁN DO EIXO ATLÁNTICO 2005

Vigo, 27 de Xullo de dous mil cinco

DUNHA PARTE: A Excm. Sra. Dna. Corina Porro Martinez, Alcaldesa de Vigo.

DOUTRA PARTE: D. Javier Rodríguez López, co DNI 36038999-T en nome e representación da Sociedade Deportiva Octavio de Vigo co CIF: G-36907384, da que é presidente.

Tódalas partes recoñecen mutuamente a súa capacidade e competencia para asinar este convenio.

EXPOÑEN:

Que o Concello de Vigo considera necesaria para a cidade o desenvolvemento do TORNEO DE BALONMÁN DO EIXO ATLÁNTICO e non tendo capacidade organizativa para este evento é polo que se asina este convenio de colaboración en materia deportiva.

ESTIPULACIÓNS:

PRIMEIRA: O comité organizador do TORNEO DE BALONMÁN DO EIXO ATLANTICO- 2005 designa ó Concello de Vigo como sede desta competición.

SEGUNDA: A Concellería de Deportes designara un membro para formar parte do Comité Organizador.

TERCEIRA: O Concello de Vigo porá unha instalación deportiva para a celebración do TORNEO DE BALONMÁN DO EIXO ATLÁNTICO e que debera cumprir os requisitos fixados polo Eixo Atlántico para o desenvolvemento de dito partido.

CUARTA: O Concello de Vigo recibira sen cargo as seguintes entradas:

.-Para o Comité organizador : 100 localidades en zona de invitados (zona palco de autoridades).

.-Para os equipos participantes: 30 entradas para cada equipo, as entradas corresponderan a zona de publico.

QUINTA: O Concello de Vigo aboará a entidade Sociedade Deportiva Octavio de Vigo a cantidade de 3.000 euros pola organización deste evento deportivo TORNEO DE BALONMÁN DO EIXO ATLANTICO-2005 o importe abonarase trala certificación do técnico de servizo de deportes de que a actividade foi desenvolvida.

Este gasto irá con cargo á partida 4521.226.08.00 “organización actividades deportivas” do orzamento de 2005.

SEXTA: A Concellería de Deportes aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

SETIMA: Este convenio é única e exclusivamente para a realización do TORNEO DE BALONMÁN DO EIXO ATLANTICO-2005.

OITAVA: A Concelleira da area de promoción económica e desenvolvemento local, queda facultada para solucionar posibles controversias derivadas da execución interpretación deste convenio.

Así o conveñen no lugar e data indicado no encabezado.

13(988).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE IOLAS. EXPTE. 1671/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.08.05, e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 14.07.05, conformado pola coordinadora de Turismo e Comercio, pola concelleira de Deportes e Turismo e o interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Real Club Náutico de Vigo, que de seguido se transcribe, para a organización do Campionato de España de Yolas, que se desenvolverá na Ría de Vigo no mes de outubro.

2.- Autorizar e dispoñer o gasto de 29.240 euros (IVE engadido) a favor do Real Club Náutico de Vigo, con CIF: G-36612752, para a organización do Campionato de España de Yolas, con cargo á partida “Actividades e Eventos”, 4521 227 06 03, do presuposto actualmente en vigor.”

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O REAL CLUB NAÚTICO DE VIGO E O CONCELLO DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN CONXUNTA DO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE YOLAS.

Vigo, de

2005.

S.ord. 17.08.05

Por unha parte, o Excmo. Concello de Vigo, actuando no seu nome e representación e no exercicio do seu cargo, a súa Ilma. Alcaldesa, D^a Corina Porro Martínez, ó abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 7/1985, do 2 de abril, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Por outra, o Real Club Náutico de Vigo, actuando no seu nome e representación e no exercicio do seu cargo, o Presidente da entidade, D. Franco Cobas González, ó abeiro do seu nomeamento como Presidente da entidade de data 5 de novembro de 2004.

Ámbalas partes recoñécense mutuamente capacidade e competencia para asinar este convenio.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-

As Concellerías de Turismo e Deportes veñen apostando polo turismo náutico como un produto fundamental para o desenvolvemento da política turística e deportiva do Concello de Vigo, dada a riqueza natural e o enorme potencial dos recursos turísticos vencellados ó mar que posúe a cidade.

Este ano, Vigo estará no punto de mira da prensa nacional e internacional, así como dos profesionais e amantes dos deportes náuticos e máis concretamente da vela, xa que será porto de saída da Volvo Ocean Race.

SEGUNDO.-

As Concellerías de Turismo e Deportes farán un especial fincapé na promoción de eventos que teñan relación co disfrute da nosa Ría e dos deportes náuticos, xa que atrae un público de alto poder adquisitivo, que utilizará os servizos hoteleiros e hosteleiros da cidade fóra do período estival, contribuíndo a desestacionalizar a demanda turística, que se atopa concentrada nos tres meses do verán.

TERCEIRO.-

Dende o punto de vista deportivo se pretenden popularizar os deportes náuticos, en todas as súas vertentes e categorías, neste caso concreto, o Concello de Vigo ten a intención de promocionar o remo, na súa modalidade de YOLA, que aínda o sistema de banco móvil (como as embarcacións olímpicas), pero cunha forma de casco que lle permite navegar en condicións de mar e vento máis amplias.

A organización en Vigo do Campionato de España de Yolas é unha forma de recuperar a tradición do banco móvil, potenciando así os entrenamentos dos remeiros deste tipo de banco, sen que se teñan que desplazar fóra das nosas rías.

A celebración deste Campionato na Ría de Vigo é de especial trascendencia, por tratarse dun evento de carácter nacional, que formará parte da programación que o Concello de Vigo está organizando e programando de cara á celebración da Volvo Ocean Race.

Por todo o antedito, as Concellerías de Turismo e Deportes e mailo Real Club Náutico conveñen na necesidade de organizar en Vigo o LIX Campionato de España de Yolas, a celebrar na Ría de Vigo.

Dado que o Concello de Vigo non ten capacidade para a organización dunha competición destas características e o Real Club Náutico, sociedade sen ánimo de lucro, conta con medios e recursos necesarios para a organización deste evento, as partes asinan o presente convenio, segundo as seguintes

ESTIPULACIONES

PRIMEIRA: O Concello de Vigo, a través das súas concellerías de Turismo e Deportes, convén a organización do LIX Campionato de España de Yolas, a celebrar na Ría de Vigo no mes de outubro de 2005.

SEGUNDA: A organización deste evento correrá a cargo do Real Club Náutico de Vigo, que será o responsable de todos os extremos relativos a convocatorias, loxística, infraestrutura, para o completo desenvolvemento do programa que conformará este campionato.

TERCEIRA: O Campionato de España de Yolas desenvolverase en augas da Rái de Vigo no mes de outubro, segundo o programa e características que se achega a este convenio.

CUARTA: No LIX Campionato de España de Yolas participarán un mínimo de 20 clubs e estarán representadas as federacións territoriais de Valencia, Navarra, Aragón, Euskadi, Andalucía, Cataluña, Murcia, Madrid, Cantabria, Asturias e Galicia.

QUINTA: O Concello de Vigo aportará para a organización conxunta deste evento a cantidade de 29.240€ (IVE incluído), que será aboada ó Real Club Náutico de Vigo nun único pagamento unha vez certificado polo técnico correspondente.

Este gasto imputarase á partida 4521 227 06 03 “Actividades e Eventos Internacionais”, do presuposto actualmente en vigor do Departamento de Deportes.

SEXTA: O Real club Náutico de Vigo será a entidade encargada de contratar con terceiros todos aqueles servizos e subministros que sexan necesarios para o desenvolvemento do campionato, non existindo ningunha relación contractual entre o Concello de Vigo e as empresas contratadas.

SETIMA: O Real Club Náutico comprométese a notificar ó Concello de Vigo calquera modificación ou alteración do calendario previsto neste convenio, xustificando as causas que dean lugar a dita modificación.

OITAVA: O Concello de Vigo será convocado a todos cantos actos públicos ou rodas de prensa se realicen para a promoción deste evento. Asimesmo, será incluído o logotipo das Concellerías implicadas en todo o material de merchandising e publicitario que se edite co gallo deste evento..

NOVENA: O Concello de Vigo terá reservada a entrega do premio “Concello de Vigo” na organización deste evento.

DÉCIMA: As Concellerías de Turismo e Deportes quedan facultadas para solucionar as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio, así como tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

UNDECIMA: O presente convenio terá vixencia ata o 30 de decembro de 2005 e non será prorrogable.

E en proba de conformidade, as partes asinan por duplicado e a un só efecto o presente convenio no lugar e data indicados.

14(989).-ADXUDICACIÓN DA INSTALACIÓN DE CALEFACCIÓN DE GAS NATURAL APOIADA EN PANEIS TÉRMICOS NO COLEXIO TINTUREIRA. EXPTE. 6669/332.

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 4.07.05 acorda aprobar o expediente para a contratación dun sistema de calefacción de gas natural apoiado con paneis solares térmicos no Colexio Tintureira.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local, con data 1.08.05, certifica que durante o prazo sinalado no oficio da Oficina de Contratación presentáronse as seguintes proposicións no Rexistro Xeral: Celtgas S.L. e por correo (con aviso de envío mediante fax) a proposición da empresa Ferroviaal Servicios S.A.

A Mesa de Contratación en sesión do 1.08.05 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo as propostas e pasándoas a informe e proposta da Área de Servizos Xerais, que foron emitidos polo enxeñeiro industrial municipal, o informe de avaliación das ofertas con data 4.08.05 e a proposta con data 8.08.05 e conformada polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa devandita proposta, acorda:

Adxudicar a Ferroviaal Servicios, S.A. o procedemento negociado para a instalación de calefacción de gas natural apoiada en paneis térmicos no colexio Tintureira por un importe de 59.860,73. Todo iso de acordo co proxecto e prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 04.07.2005 e a oferta presentada.

15(990).-ADHESIÓN DO CONCELLO DE VIGO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IMSERSO E A FUNDACIÓN ONCE, PARA A EXTENSIÓN DO SERVIZO DE TAXI ACCESIBLE. EXPTE. 70989/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta da xefa de Seguridade e Transportes, de 14.07.05, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, pola concelleira delegada de Benestar Social e polo interventor xeral, que di o seguinte:

- *En data 6 de agosto de 2004 o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, comunica a este Concello que o pasado 12 de xullo se suscribiu un Convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais (IMSERSO) e a Fundación ONCE, que regula a participación conxunta de ambas institucións no desenvolvemento dun programa de accesibilidade universal. No citado programa, entre outras actuacións, recolle a implantación do servizo de autotaxi accesible.*
- *En data 10 de setembro de 2004 remíteselle escrito á Asociación provincial de autotaxis de Pontevedra e á Cooperativa de autotaxis gran turismo, para que se dé difusión entre os seus asociados da posibilidade de poñer en funcionamento un autotaxi accesible na licenza da cal son titulares, debendo comunicalo ao Departamento*

de Mobilidade e Seguridade ao obxecto de que por parte do Concello de Vigo se efectúe a solicitude correspondente.

- En data 10 de marzo de 2005, D. José Félix Ferreiro Rodríguez, titular da licencia nº 78, presenta no Rexistro Xeral do Concello solicitude para incorporar un vehículo eurotaxi á licencia da que é titular.
- En data 5 de maio de 2005, D Juan José Iglesias Martínez, titular da licencia nº 517, presenta no Rexistro Xeral do Concello solicitude para dispor da licencia indicada como EUROTAXI.
- O Decreto 35/2000 de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento en execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na comunidade autónoma de Galicia, contempla a obrigatoriedade dos Concellos de máis de 25.000 habitantes de dispoñer alomenos dun vehículo especial ou taxi adaptado que poida ser utilizado polas persoas de mobilidade nos seus desprazamentos aumentando o número de taxis adaptados nunha praza máis por cada 100.000 habitantes ou fracción.
- Considérase conveniente poñer en funcionamento dous novos vehículos eurotaxi debido á gran demanda existente por parte dos diversos colectivos con mobilidade reducida e que debido á poboación empadroada na cidade e o bo funcionamento dos dous vehículos actualmente en servizo, 4 eurotaxis serían un número axustado á normativa vixente e as necesidades da cidade.
- Así mesmo, e dentro do programa de cooperación, esíxese que por parte dos concellos beneficiarios se adopte o compromiso de apoiar economicamente ás persoas afectadas na súa mobilidade ou apoiar economicamente ao titular do taxi accesible para cofinanciar os maiores custos dos vehículos durante os catro anos mínimos de obrigatoriedade de mantemento do servizo e mentras se manteñan en servizo, en relación cos taxis convencionais que se derivan do maior precio do seguro obrigatorio, o maior custo do prezo das pezas de recambio, o maior consumo de combustible, o maior recorrido de carreira sen ocupantes para atender as chamadas das persoas con mobilidade reducida.
- No orzamento municipal está prevista esta axuda económica na partida 31304700000, da Area de Benestar Social e na partida de Seguridade 22204700000, subvención elementos seguridade taxis e outros, por un importe de 2.404 EUROS en cada partida, cantidade coa que se acordou subvencionar anualmente e durante 4 anos aos titulares dos dous eurotaxis en funcionamento e que sería asímesmo de aplicación aos novos. Tendo en conta que os citados vehículos serían entregados a finais do presente ano ou a primeiros do próximo, estímase suficiente a cantidade existente actualmente na partida de Benestar Social ou no seu caso as cantidades que figuren no orzamento do ano 2006.

Polo exposto fórmulase a seguinte, PROPOSTA

- 1º Aprobado a adhesión do Concello de Vigo ao Convenio de colaboración entre o IMSERSO e a Fundación ONCE, para a cooperación e integración social de persoas con minusvalías, para a extensión do servizo de taxi accesible subscripto o 12 de xullo de 2004.
- 2º Remitir as solicitudes presentadas por D. José Félix Ferreiro Rodríguez, titular da licencia de taxi nº 78 e a D. Juan José Iglesias Martínez, titular da licencia 517, para a adquisición dun vehículo taxi adaptado, ao amparo do citado Convenio.
- 3º Aprobado a concesión dunha axuda económica a D. José Félix Ferreiro Rodríguez e a D. Juan José Iglesias Martínez, para contribuir aos maiores custos do citado servizo, por un importe anual e durante catro anos de 2.404 Euros, a cada un, con cargo á partida nº 31304700000 da Area de Benestar Social e a partida

22204700000 de Seguridade, igual que se acordou conceder aos dous anteriores vehículos eurotaxis. Tendo en conta que os citados vehículos serían entregados a finais do presente ano ou a primeiros do próximo, estímase suficiente a cantidade existente actualmente na partida de Benestar Social ou no seu caso as cantidades que figuran no orzamento do ano 2006.

- 4º Ao obxecto de realizar o seguimento do funcionamento dos mencionados eurotaxis, os titulares deberán presentar mensualmente na Area de Mobilidade e Seguridade, unha relación dos servizos diarios realizados durante o mes inmediato anterior.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(991).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA REALIZAR DO CURSO “DEREITO PENAL E MULLER A TRAVÉS DO CINE”. EXPTE. 2068/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 22.06.05, e de acordo co informe proposta da técnica da Oficina da Muller, do 15.06.05, conformado pola concelleira delegada da Area de Promoción Económica e Desenvolvemento Local -Muller, e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 5.000 € a favor da Universidade de Vigo, con cargo á partida 4632-2270606 do presuposto vixente.

2º.- Aprobar o texto do convenio que de seguido se dí

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O CONCELLO DE VIGO

En Vigo, a de de 2005.

COMPARECEN

Dunha parte, o Excmo. Sr. Don Domingo Docampo Amoedo, Reitor Magfco. da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia núm. 185/2002, do 27 de maio publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm 102, do 29 de maio de 2002, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica de universidades 6/2001, do 21 de decembro e o artigo 59 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 421/2003, do 13 de novembro e publicados no DOG, núm. 237, do 5 de decembro de 2003, con domicilio social en Campus de Vigo, Lagoas-Marcosende s/núm., 36310 de Vigo.

E doutra parte, Dª Lucía Molares Pérez, concelleira delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local-Muller do Concello de Vigo, de acordo coas competencias que lle outorga a resolución de delegación de competencias do 2 de xaneiro de 2004, e con domicilio social na Praza do Rei,s/n, 36202 de Vigo.

Ambas partes recoñécense entre si capacidade legal suficiente para a realización do presente convenio,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-

Que o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo consideran básico o establecemento de accións necesarias tendentes a conquistar a igualdade de xénero e evitar a indefensión e a desigualdade material que veñen padecendo as mulleres en moitos ámbitos da vida.

Ámbas as dúas institucións están interesadas nunha colaboración recíproca no ámbito científico e cultural e na promoción de accións formativas e de investigación, así como no fomento da realización de actividades e proxectos de carácter práctico que axuden a orientar e a impulsar o trascendental papel que lle corresponde desenvolver á muller no futuro dos diversos ámbitos da sociedade, da economía e da cultura do Concello de Vigo

A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo social e, en concreto ás necesidades presentadas polas mulleres constitúe unha das preocupacións da sociedade.

Que esta colaboración se inclúe dentro dos obxectivos da Universidade de Vigo nos campos do estudo e investigación conforme á Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro de universidades.

SEGUNDO.-

Que de acordo coa Lei 7/85 de bases de rexime local e a Lei 5/97 da administración local de Galicia correspóndelles aos concellos a promoción e a execución de programas destinados á muller.

En resposta ao artigo 9.2 da Constitución, o Excmo. Concello de Vigo, a través da Concellaría da muller, vén desenvolvendo programas no ámbito das súas competencias coa finalidade de garantir a calidade de vida das mulleres e unha orde social máis xusta, promovendo as condicións para que a igualdade das mulleres sexa real e efectiva, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude no ánimo de acadar a xustiza social.

Que o II Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades para homes e mulleres 2003/2004, e o II Plan de acción municipal para combater a violencia contra as mulleres, preven a necesidade de impulsar medidas para garantir plenamente os dereitos e liberdades das mulleres, especialmente aquelas tendentes a erradicar a violencia.

TERCEIRO.-

Que, malia os trocos experimentados nos últimos anos, aínda subsisten desigualdades reais entre mulleres e homes que operan en prexuízo do colectivo feminino.

En consecuencia, e coa finalidade de facer realidade e poñer en práctica os obxectivos expostos, as partes comparecentes determinan subscribir o presente CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN de acordo cas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO.

O obxecto do presente convenio é establecer unha colaboración regular entre o Concello e a Universidade de Vigo, que se materializará no 2005, no compromiso por parte da UVI de organizar un curso de extensión universitaria

denominado “Dereito Penal e muller a través do cine” (III Curso de cine e dereito penal) que terá lugar en Vigo no mes de novembro. O Concello de Vigo comprométese a contribuír co financiamento do devandito curso de extensión cunha cantidade de 5.000 €, equivalente a 100 matrículas.

SEGUNDA.- CONDICIÓN DE ACEPTACIÓN DO COMPROMISO.

Por parte da Universidade de Vigo, a Área de Dereito Penal, acepta organizar este curso, asumindo a súa dirección e procurando en todo caso a participación de especialistas e investigadores de prestixio, así como de representantes da carreira xudicial, policial, e de organizacións non gobernamentais.

A selección dos/as relatores/as, datas e lugar de realización de curso, determinaranse de común acordo entre as partes asinantes deste documento.

A Universidade de Vigo porá a disposición do Concello de Vigo, sen cargo, 100 matrículas do curso, co obxecto de que a Concellaría da muller poida distribuílas entre profesiniais e persoas voluntarias que traballan no eido da muller no ámbito social e/ou asociativo.

A Área de Dereito Penal da Universidade de Vigo comprométese a presentar ante a Concellaría da Muller un proxecto relativo ao desenvolvemento do curso no ámbito deste convenio.

O dito proxecto constará dos seguintes apartados:

- Denominación do programa ou actividade e tempo de duración.
- Ámbito de actuación do programa e destinatarios.
- Fases, obxectivos, metodoloxía e método de avaliación que se vai empregar.
- Orzamento e persoal responsable.

TERCEIRA.- COMPROMISOS ECONÓMICOS.

A Universidade de Vigo comprométese a achegar os medios necesarios para a tramitación do curso de acordo coa normativa vixente para os cursos de extensión universitaria e, no caso de ser aprobado pola Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes, a financialo na contía establecida pola comisión con cargo á partida orzamentaria que corresponda. A Universidade de Vigo comprométese tamén a incluír en toda a publicidade o nome da Concellaría da Muller do Concello de Vigo e o seu logotipo. O Concello de Vigo pola súa parte comprométese a aboarlle á Universidade de Vigo a cantidade de 5.000 € para o financiamento do curso, que fará efectiva unha vez entregado o informe da realización na conta de Caixanova “Outros Ingresos” 2080 0000 74 0040225994. No momento de asinar este convenio o Concello terá realizado a retención de crédito no seu orzamento polo importe sinalado.

CUARTA.- IMPORTE DA AXUDA E FORMA DE PAGAMENTO

O Concello de Vigo, a través da Concellaría da Muller, comprométese a achegar 5.000 euros, con cargo á partida orzamentaria 4632-2270606. O importe total destinarase á realización das actividades que se desenvolvan coa Área de Dereito Penal da Universidade, no ámbito de aplicación do presente convenio de colaboración e de acordo coa finalidade e obxectivos especificados na Cláusula primeira. A cantidade poráse a disposición da Universidade, nun só pagamento e deberá ser xustificada previamente presentando unha memoria final detallada de todas as actividades realizadas, así como a poboación receptora delas. Esta memoria deberá ter unha parte de avaliación de resultados, especificando os obxectivos acadados así como unha xustificación dos gastos.

QUINTA.- PUBLICIDADE

A Universidade de Vigo comprométese a destinar aos fins acordados o financiamento que destine o Concello de Vigo destacando en lugares ben visibles o seu patrocinio en todos os carteis, folletos, carpetas, actos académicos e científicos e comunicacións de todo tipo, prensa, radio, televisión, internet, videoconferencias, etc. derivados da difusión e publicidade do citado curso, así como nas publicacións que resulten dos seus traballos.

Incluirase en toda a publicidade o nome da Concellería da Muller do Concello de Vigo e o seu logotipo.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Créase unha Comisión de Seguimento, do presente convenio integrada por Dna. _____ e Dna. _____, como representantes da Universidade de Vigo e por Dna. Lucía Molares Pérez, concelleira da área de promoción económica e desenvolvemento local-Muller e Dna. Cristina Gómez García, técnica do departamento da muller, representantes do Concello de Vigo coas competencias que se sinalan nas cláusulas do presente convenio.

Esta comisión resolverá os problemas que suscite este convenio na súa execución, garantirá o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos, proporalles as entidades outorgantes formas de aumentar a súa eficacia, e reunirse cando así o considere oportuno cada unha das partes.

SETIMA.- VIXENCIA

A vixencia deste convenio será dun ano dende a data da súa sinatura; poderá renovarse, nas mesmas condicións ou noutras distintas, tras o acordo entre as partes que o subscriben. A dita renovación supeditarase, en toso caso, ao cumprimento por ambas partes dos obxectivos xerais que figuran neste convenio.

OITAVA.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

O ámbito de aplicación do presente convenio abarcará o termo municipal de Vigo.

NOVENA.-

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera tipo entre o persoal da Universidade de Vigo e o Concello de Vigo, de tal forma que non se poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento das súas actividades.

DÉCIMA.- INTERPRETACIÓN DO CONVENIO

O presente convenio ten natureza administrativa e as dúbidas e as cuestións litixiosas que xurdan con respecto á interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio, serán resoltas en primeira instancia pola Comisión Mixta Paritaria, cuxos acordos serán de inmediata execución.

Os conflitos que poidan xurdir entre as partes e non poidan ser resoltos na comisión mixta someteráanse á resolución dun procedemento arbitral.

UNDÉCIMA.- RESCISIÓN DO CONVENIO

Son causas de resolución do presente convenio:

- .-O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.*
- .-A desviación dos fondos outorgados para outro fin distinto do que motivou a concesión.*
- .- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva.*

- .- O impedimento ou a dificultade á inspección do Concello en caso de que esta se produza.*
- .- Calquera outra causa que impida a correcta aplicación do convenio.*

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio en exemplar duplicado no lugar e data indicados ao comezo”.

17(992).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMÓN. LOCAL PARA A NORMALIZACIÓN DA LÍNGUA GALEGA. EXPTE. 495/334.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Normalización Lingüística, do 1.08.05, conformado polo concelleiro de dito Servizo, que di o seguinte:

Con data 20 de xullo de 2005 (DOG núm. 139), a Consellaría de Xustiza, Interior e Admón Local publica a Orde do 11 de xullo de 2005 pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos para a normalización da lingua galega.

No art. 3 da citada orde especificanse as actividades para as cales se poden solicitar as ditas axudas económicas. Delas salientamos, por poder o Concello de Vigo optar a elas, as seguintes:

- 1. Mantemento de servizos municipais de normalización xa existentes.*
- 2. Organización de campañas co obxecto de acadar a normalización lingüística.*

Dende hai anos o Concello vigués vén desenvolvendo actuacións tendentes a acadar a plena normalización do idioma de noso no termo municipal; actuacións nas que se conta con aqueles colectivos, sectores da poboación non só como destinatarios das actividades senón tamén como impulsores destas.

Os datos tirados do Estudo sociolingüístico do Concello de Vigo, sinalan que unha ampla porcentaxe de viguesas e vigueses (o 80,20%) que, conscientes do insuficiente grao de uso do galego en Vigo (opinión do 75,10%) considera que cómpre fomentar o uso do galego en Vigo.

Así o entende esta administración, de xeito que artella un programa de dinamización lingüística orientado principalmente aos seguintes sectores:

a) Formación:

Actividades formativas dirixidas á cidadanía para reafirmar e/ou aumentar os seus coñecementos de lingua galega, mais dende un enfoque non gramatical, nin lingüístico, senón valéndonos da cultura, da xeografía, historia, etnografía... do país.

Unha parte salientábel deste eido é ocupado polas novas tecnoloxías: achegar, familiarizar e afondar nos coñecementos e manexos das ferramentas informáticas son os nosos obxectivos formulados.

b) Achegamento á realidade do galego.

Os estudos realizados sobre a realidade sociolingüística do país móstranos unha situación compartida: boas actitudes e aptitudes pero escaso uso; perda de galego-falantes, da transmisión interxeracional... cómpre xa daquela, actuarmos para remediarmos esta situación.

Consideramos que o primeiro paso ha se dar a coñecer esta realidade, concienciar e -asemade; animar a trocar esta situación tan pouco favorábel para a lingua de noso.

Obradoiros para os máis cativos, para a mocidade e para persoas adultas son algunhas das actividades que ofertamos, nas que os prexuízos, as actitudes, os modelos de lingua xogan un papel fundamental.

c) Actuación para a recuperación e posta en valor do patrimonio inmaterial.

O Concello de Vigo apostou dende o primeiro momento pola candidatura, traballada e presentada pola asociación pedagóxica Ponte nas Ondas. Así acolleu a presentación oficial en abril do 2004 no Verbum e desenvolveu campañas para estender o seu coñecemento e animar á participación das e dos cidadáns, con especial fincapé na comunidade educativa.

Agardamos que a UNESCO proclame a tradición oral galego-portuguesa como OBRA MESTRA DA HUMANIDADE. A partir dese intre cómpre un labor conxunto nos que os centros de ensino e o movemento veciñal seguirán a ser o eixo central pola súa colaboración inestimábel que estamos a acadar naquelas actuacións que desenvolvemos dende o Concello de Vigo. Os centros de ensino (os equipos de NL) e o movemento veciñal centraron, centran e han centrar, o noso labor pola colaboración inestimábel que estamos a acadar.

Continuando nesta liña, e contando coa colaboración das e dos cidadáns, levamos adiante novas iniciativas, rematamos outras, ampliamos con novas dimensións aquelas que o permitían.

d) Inmigración.

A incorporación cada vez máis notoria, da nosa cidade de persoas vindas de fóra de Galiza, e mesmo do estado, coas súas culturas, lugares e costumes diferentes provoca retos importantes que afrontar.

Para lles ofrecer unha mellor calidade de vida cómpre pórilles os mecanismos precisos ofertándolles, entre outras cousas, ferramentas que lles sexan útiles para o seu desenvolvemento social.

A lingua, sinal de identidade sobranceiro, pode ser instrumento de integración especialmente útil para a xente recién chegada.

e) Lecer.

Actuacións que oferten espazos de encontro de xogo, de imaxinación onde o galego é lingua vehicular.

Todo este labor, asumido pola totalidade da administración, é artellado polo SNL. Un servizo que conta coas súas limitacións humanas, materiais e económicas. Daquela vemos nesta orde de convocatoria unha oportunidade para acadarmos máis recursos, que malia seren limitados cuantitativamente e tamén no tempo, sirvan para acadar os obxectivos que o Concello de Vigo se marcou verbo da política e planificación lingüística.

Por todo o dito, solicitámoslle á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Solicitud dunha subvención á Consellaría de Xustiza, Interior e Admón Local por un total de cincuenta e catro mil euros (54.000 €), conforme co estipulado na Orde do 11 de xullo de 2005, (DOG núm. 139, do 20 de xullo) pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a normalización da lingua galega.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe, acorda:

Solicitar unha subvención á Consellaría de Xustiza, Interior e Admón Local por un total de 54.000 €, conforme co estipulado na Orde do 11 de xullo de 2005, (DOG núm. 139, do 20 de xullo) pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a normalización da lingua galega.

18(993).-PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN PEDAGÓXICA PONTE NAS ONDAS PARA REALIZAR ACTUACIÓNS DINAMIZADORAS DA CANDIDATURA DO PATRIMONIO INMATERIAL GALEGO-PORTUGUÉS A SER PROCLAMADO POLA UNESCO OBRAS MAESTRA DA HUMANIDADE. EXPTE. 448/334.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Normalización Lingüística, do 7.04.05, conformado polo concelleiro de dito Servizo e polo interventor xeral, que di o seguinte:

O Concello de Vigo, como calquera outra administración local, ten ao abeiro do art. 5 da Lei 1/1981, de EAG e da Lei 3/1983 de normalización lingüística, obriga de accións tendentes a estender o uso da lingua galega entre a cidadanía. O art. 25 da citada Lei especifica que as administracións locais fomentarán “a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras”. A Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, ten como obxecto protexer e difundir o patrimonio material e inmaterial galego. No art. 4 especificase a obriga dos corporacións locais de “protexer, realizar e dar a coñecer” o valor destes bens culturais. Conforme con estes mandatos o Concello vigués vén desenvolvendo actuacións tendentes a acadar estes obxectivos.

O pasado 18 de outubro de 2004 unha delegación de profesores galegos e portugueses entregaron na sede da UNESCO o dossier da Candidatura galego-portuguesa para optar a que a tradición oral galego-portuguesa sexa declarada pola UNESCO obra mestra do patrimonio inmaterial. Esta achega daba remate a unha primeira fase da andaina encetada hai xa 11 anos coa primeira edición do programa “Ponte nas Ondas”, o programa de radio interescolar feito por alumnado e profesorado dunha e doutra beira do Miño. Dende aquela até hoxe, e até novembro continuaron e continúa o labor de posta en valor do patrimonio inmaterial de noso.

O Concello de Vigo apostou claramente por esta candidatura cando era un proxecto. O 23 de abril do 2004 presentábase aos medios e á sociedade este traballo no Verbum. Dende ese intre o labor conxunto entre Concello e Ponte nas Ondas vén sendo xeral.

O Servizo de Normalización Lingüística desenvolve o papel sobranceiro nesta administración de coordinador e impulsor da candidatura. Dende xa hai anos viñamos desenvolvendo actuacións dirixidas a este empeño: obradoiros de regueifas para mozas e mozos, certames de regueifas; cursos de galego desenvolvidos nun contorno

axeitado para coñecer o medio a través da lingua e esta a través daquela: cursos da auga doce e salgado. Cursos nos que se salientaba a tradición oral: lendas, cantigas, contos.

Neste mesmo senso é o convenio coa Federación de asociacións veciñais Eduardo Chao para a recolleita de patrimonio inmaterial. Son estes só algúns exemplos que queremos rematar coa posta en marcha dun novo proxecto, no que a Universidade e a propia asociación Ponte nas ondas, son eixos centrais: O Arquivo de Bens Inmateriais.

Outros departamentos (Escola Obradoiro Mar de Vigo, Patrimonio Histórico, en concreto o CAT, e o propio Museo Liste) están a desenvolver actuacións no mesmo senso.

Creemos pois conveniente apoiar esta candidatura e o labor deste profesorado e alumnado sumándonos ás súas iniciativas, para o cal cremos idóneo asinar un convenio de colaboración coa asociación Ponte nas ondas.

Polo devandito, propómoslle á Xunta de Goberno Local:

- 1. A aprobación da sinatura dun convenio de colaboración coa asociación cultural e pedagóxica Ponte nas Ondas (G-36350015).*
- 2. Convenio destinado a realizar actuacións dinamizadoras da candidatura do patrimonio inmaterial galego-portugués a ser proclamado pola UNESCO Obra Mestra da Humanidade.*
- 3. O dito convenio supón un gasto de 3.000 euros con cargo á partida 4633.227.0604 do vixente orzamento.*

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

Aprobar a sinatura do convenio de colaboración coa asociación cultural e pedagóxica Ponte nas Ondas (G-36350015), que de seguido se transcribe, destinado a realizar actuacións dinamizadoras da candidatura do patrimonio inmaterial galego-portugués a ser proclamado pola UNESCO Obra Mestra da Humanidade. O dito convenio supón un gasto de 3.000 euros con cargo á partida 4633.227.0604 do vixente orzamento.

En Vigo o día _____ na casa do concello, en representación das entidades que a seguir se indican e con capacidade abonda para asinar este convenio de colaboración.

REÚNENSE

Don Santiago Veloso Troncoso con DI 35.552.342 en nome e representación da Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas ondas!, con CIF G-36350015, con enderezo na rúa Forca, núm. 5, 36450 de Salvaterra de Miño. e D/Dna _____, en representación do concello de Vigo, alcalde/sa/concelleiro/a.

En virtude da súa representación recoñécense mutuamente capacidade abonda para asinar este convenio de colaboración e

EXPOÑEN

1. *Que a Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas ondas!, integrada por profesorado de máis de 40 escolas de Galicia e Portugal ten entre os seus obxectivos a recuperación do patrimonio cultural común galego-portugués. Froito do traballo realizado sobre este tema, xurdiu a proposta de presentar a candidatura do Patrimonio Inmaterial galego-portugués diante da UNESCO para que sexa declarado Obra Mestra do Patrimonio da Humanidade.*

A UNESCO contempla –ademais da posibilidade de presentar cada dous anos unha candidatura por parte dun Estado- a opción de presentar candidaturas multinacionais naqueles casos en que exista un patrimonio vivo e diverso que se estenda máis alá das fronteiras dun Estado.

A UNESCO establece un procedemento para a presentación desta candidaturas no que a iniciativa debe partir da sociedade civil, ser posteriormente apoiada por institucións e entidades, e finalmente presentada polos gobernos.

2. *Que o pasado 18 de outubro foi presentada na División do Patrimonio Inmaterial da UNESCO a candidatura do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués para o seu recoñecemento como Obra Mestra do Patrimonio da Humanidade, avalada polos gobernos portugués e español.*

Prevese a resolución do proceso e a proclamación para novembro de 2005.

3. *Que a cultura oral común galego-portuguesa conforma un amplo abano de manifestacións literarias, musicais e etnográficas (cantigas, lendas, romances, cantos, regueifas, celebracións do ciclo agrario e da natureza), enraizadas na tradición e que perviven aínda en amplas zonas do territorio comprendido entre o Douro e o Cantábrico como expresións dunha continuidade histórico-cultural de moita antigüidade.*

Por mor dos cambios económicos e sociais acontecidos nas últimas décadas (desaparición de modos de vida e actividades económicas tradicionais, proceso de urbanización, influencia dos medios de comunicación) esta comunidade cultural milenaria está perdendo vitalidade e moitas das manifestacións que a constitúen están en risco de desaparición.

Para mudar esta tendencia faise necesaria unha actuación coordinada por parte das administracións, as institucións académicas e educativas, e a sociedade civil, encamiñada a protexer, coñecer, recuperar e darlle difusión a esta parte fundamental da identidade cultural dos pobos.

4. *Que a candidatura presentada pola Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas ondas! pode constituír un importante punto de partida para conseguir unha maior atención a este rico patrimonio e un maior compromiso por parte da sociedade e das institucións para a súa conservación e promoción. E que ademais redundaría nun meirande coñecemento mutuo entre os dous pobos e contribuiría a consolidar e impulsar as crecentes relacións institucionais, sociais e culturais entre Galiza e o Norte de Portugal.*
5. *Que a relevancia que ten o feito de que se trate dunha iniciativa nacida no seo da sociedade, por medio dunha asociación integrada por centros educativos de Galiza e do Norte de Portugal e por escolas asociadas á rede da UNESCO e que conta co apoio de diversas institucións académicas e entidades educativas e culturais dos dous territorios.*
6. *Que a transcendencia que a declaración como Obra Mestra do Patrimonio da Humanidade tería para o coñecemento e promoción do patrimonio oral común galego-portugués como unha iniciativa exemplar dentro da construción da identidade europea.*

7. *O concello de Vigo vén traballando e aposta polo traballo de salvagarda e posta en valor do noso patrimonio inmaterial.*
8. *Que a Lei 3/1983, de normalización lingüística, asígnalles aos concellos a corresponsabilidade de velar pola normalización do idioma galego. A posta en valor, o coñecemento, a identificación co noso patrimonio oral é un dos labores para potenciar o coñecemento e uso do idioma de noso.*
9. *O Concello de Vigo vén desenvolvendo actividades dinamizadoras do uso do galego entroncadas co coñecemento e a conservación do patrimonio inmaterial galego, e mesmo ten manifestado o seu apoio á candidatura para a declaración por parte da UNESCO do patrimonio inmaterial galego-portugués como patrimonio da humanidade.*
10. *O SNL traballa á par doutras administracións e asociacións na pescuda, inventario, dinamización e conservación deste patrimonio inmaterial.*

Polo exposto,

ACORDAN

1. *O concello de Vigo expresa o seu apoio á candidatura presentada pola Asociación Ponte...nas ondas! para a declaración do patrimonio oral galego-portugués como obra mestra do patrimonio oral da humanidade.*
2. *Dirixirse á División do Patrimonio Inmaterial da UNESCO para manifestarlle, mediante certificación deste acordo, o apoio á candidatura deste goberno municipal.*
3. *Solicitar do goberno galego e das administracións estatais española e portuguesa o apoio ás iniciativas encamiñadas a favorecer o intercambio e a cooperación social e cultural entre Galiza e Portugal e, nomeadamente, aquelas propostas que teñen como obxectivo o coñecemento, impulso e divulgación da cultura oral común galego-portuguesa.*
4. *Promover no marco territorial e competencial deste concello actividades na defensa deste patrimonio inmaterial galego-portugués.*

Daquela, o Concello de Vigo e a Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas ondas! consideran a necesidade de asinar este convenio de colaboración e de apoio á candidatura do patrimonio inmaterial galego-portugués, conforme coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA
OBXECTO

Este convenio ten por obxecto acadar a colaboración entre a asociación Ponte...nas ondas e o concello de Vigo na salvagarda, coñecemento e protección do patrimonio inmaterial.

SEGUNDO
OBRIGAS DAS PARTES

A Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas ondas! comprométese a:

- *Informar regularmente do proceso da candidatura presentada na UNESCO o 18 de outubro de 2004.*
- *Registrar ao concello como MUNICIPIO PROMOTOR da candidatura para os efectos de figurar na documentación da candidatura.*
- *Proporlle ao concello a creación do Inventario de Bens Inmateriais debidamente clasificados e identificados. Este inventario formará parte da base de datos cos que a candidatura contará para a realización de diversas actividades.*
- *Autorizar ao concello o uso do logotipo da candidatura nas actividades culturais e na imaxe corporativa para as que a entidade desexe empregalo.*
- *Incorporar o logotipo do concello na web da candidatura como entidade promotora e realizar o enlace con web do concello.*
- *Ofrecer preferencia para participar nas actividades de promoción e divulgación da candidatura.*

Pola súa banda, o concello de Vigo comprométese a:

- *Elaborar un rexistro de bens inmateriais que lle achegará á asociación para a incorporación á documentación da candidatura.*
- *Incorporar a simboloxía da candidatura en todas as actividades relacionadas coa cultura tradicional.*
- *Reservar a cantidade de 3.000 euros cara a realización de actividades relacionadas co patrimonio inmaterial galego-portugués.*

TERCEIRA ORZAMENTO

O concello de Vigo achega un total de 3.000 euros, con cargo á partida 2270604 do orzamento de 2005.

CUARTA PAGAMENTO

O pagamento realizarase tras a entrega da(s) factura(s) orixinal(-ais) correspondente(s) que acredite(n) a realización das actividades comprometidas.

A cantidade ingresarase na conta da asociación: 2080/0115/0000074489.

QUINTO COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Cada entidade nomeará unha persoa para que a represente na Comisión de seguimento do convenio que se crea para velar polo cumprimento deste.

SEXTO URXENCIA DO CONVENIO

O convenio entrará en vigor tras a súa sinatura e rematará na fin do presente ano.

SÉTIMA MOTIVOS DE EXTINCIÓN DO CONVENIO

O incumprimento por algunha das partes das estipulacións que se pactan neste convenio dará lugar á súa resolución por instancia de calquera delas.

OITAVA

NATUREZA E INTERPRETACIÓN DO CONVENIO

O presente convenio ten carácter administrativo e correspóndelle á comisión de seguimento a súa interpretación, así como á xurisdición contencioso-administrativa a resolución das controversias as que houbese lugar.

En proba de todo o acordado, asinan este convenio por triplicado exemplar para un só efecto no lugar e data indicados ao comezo do documento.

19(994).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL ATALAIA, EN TEIS. EXPTE. 6584/332.

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 30.05.05 acorda aprobar o expediente para a contratación por concurso dos servizos de xestión da Escola Infantil municipal “Atalaia Teis “ de Vigo.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 7.07.05 certifica que durante o prazo no anuncio publicado no DOG nº 118 e BOP nº 118, de 21 de xuño do presente ano, presentáronse as seguintes proposicións no Rexistro Xeral: 1) Colegio Los Milagros S.L. e 2) Eulen Servicios Sociosanitarios S.A.

A Mesa de Contratación en sesión do 11.07.05 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo as propostas e pasándoas a informe do Servizo de Educación, que foi emitido pola xefa de dito servizo con data 26.07.05 propoñendo como adxudicataria ao Colegio Los Milagros S.L.

En sesión do 1.08.05 a Mesa de Contratación, á vista do devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Colegio Los Milagros, S.L. o concurso para a prestación do servizo de escola infantil municipal “Atalaia” de Teis por un importe anual de 167.408,03 euros. Ademais adxudícase un máximo de 12.000 euros para a anovación de materiais non inventariables precisos para a nova etapa da escola infantil. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 30-05-2005 e a oferta presentada.

20(995).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACION DA XESTIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL “SANTA CRISTINA” DE LAVADORES. EXPTE. 6585/332.

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 30.05.05 acorda aprobar o expediente para a contratación dos servizos de xestión da Escola infantil municipal “Santa Cristina de Lavadores” de Vigo.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 7.07.05 certifica que durante o prazo no anuncio publicado no DOG nº 118 e BOP nº 118, de 21 de xuño do presente ano, presentáronse as seguintes proposicións no Rexistro Xeral: 1) Dumbo S.L., 2) Colegio Los Milagros S.L. e 3) Eulen Servicios Sociosanitarios S.A.

A Mesa de Contratación en sesión do 11.07.05 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo as propostas e pasándoas a informe do Servizo de Educación, que foi emitido pola xefa de dito servizo con data 26.07.05 proponendo como adxudicataria a Dumbo S.L.

En sesión do 1.08.05 a Mesa de Contratación, á vista do devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Dumbo, S.L. o concurso para a prestación do servizo de escola infantil municipal “Santa Cristina” de Lavadores por un importe anual de 168.000 euros. Ademais adxudícase un máximo de 12.000 euros para a anovación de materiais non inventariables precisos para a nova etapa da escola infantil. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 30-05-2005 e a oferta presentada.

21(996).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A REPARACIÓN ESTRUCTURAL DO VEHÍCULO PO-2778-O. EXPTE. 3367/445.

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 16.05.05 acorda aprobar o expediente para a contratación de por concurso da prestación do Servizo de reparación estrutural de vehículo matrícula PO-2778-O (Camión) do Parque Móbil.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 8.07.05 certifica que durante o prazo sinalado nos anuncios publicados no DOG nº118 e no BOP nº 119 de datas 21 e 22 de xuño respectivamente, non se presentou ningunha proposición no Rexistro Xeral, pero recibíuse fax de terse presentado na Delegación do Goberno da Coruña unha proposición an nome de MDC Ingeniería S.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 13.07.05 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo a proposta e pasándoa a informe do xefe do servizo do Parque Móbil, que foi emitido con data 2.08.05 proponendo como adxudicataria a MDC S.L. Ingeniería.

En sesión do 8.08.05 a Mesa de Contratación, á vista do devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a MDC Ingeniería, S.L. o concurso para a prestación do servizo de reparación estrutural do vehículo PO-2778-O por un importe de 47.241 euros. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 16.05.05 e a oferta presentada.

22(997).-ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO BOULEVARD DA GRAN VÍA. EXPTE. 42256/250.

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 18.04.05 acorda aprobar o expediente para a contratación das obras do proxecto de axardinamento do bulevar da Gran Vía, tramo R. Tarragona-Praza de América.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 15.06.05 certifica que durante o prazo sinalado no anuncio da Oficina de Patrimonio e Contratación publicados no DOG nº 93 e no BOP nº 94 de datas 16 e 18 de maio do presente ano respectivamente, presentáronse as seguintes proposicións no Rexistro Xeral: 1) Elsamex S.A., 2) Viveros o Piñeiro S.L., 3) Cespa, 4) Obras y Construcciones Dios S.A. e 5) Norvial S.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 20.06.05 procedeu á apertura da documentación administrativa presentada, excluindo a proposta presentada por Elsamex S.A. por non presentar a documentación acreditativa da personalidade e capacidade de obrar da empresa, solvencia técnica e económica; concedendo un prazo de tres días a Norvial S.L. para subsanación de erros e admitindo as demais propostas.

Na sesión do 27.06.05 da Mesa de Contratación, procedeuse á apertura da documentación económica, pasándo as devanditas ofertas admitidas (incluíndo Norvial S.L.) a informe do servizo de Parques e Xardíns, que foi emitido por enxeñeiro de Montes, o 15.07.05, propoñendo como adxudicataria a CESPAS S.A., e ampliación de informe do 2.08.05, a pedimento da Mesa de Contratación do 26.07.05.

A Mesa de Contratación en sesión do 8.08.05, á vista dos devanditos informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Cespa, S.A. o concurso para a execución das obras de acondicionamento do boulevard da Gran Vía (treito entre a r/ Tarragona e Pz e América) por un importe de 81.308,99 e un prazo de execución de mes e medio. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 18-04-2005 e a oferta presentada.

23(998).-EXPEDIENTE SANCIONADOR A INTERPARKING HISPANIA S.A. POR INCUMPRIMENTO DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE 26.03.01 SOBRE REALIZACIÓN DE OBRAS DE REPARACIÓN NO APARCAMENTO PÚBLICO DA PORTA DO SOL. EXPTE. 17260/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do concelleiro delegado de Patrimonio, do 08.08.05, que di o seguinte:

En data 4 de xullo de 2005, emituse polo Instructor do expediente sancionador incoado a Interparking Hispania S.A., proposta de resolución á Xunta de Goberno Local para a imposición a Interparking Hispania S.A., dunha sanción de 11.171,04 € polo incumprimento do decreto de alcaldía do 26.03.01 de realización das obras de reparación no aparcamento público subterráneo da porta do sol sinaladas no informe do arquitecto de Patrimonio de data 27.02.01.

Comunicada a proposta á concesionaria Interparking S.A., fórmulase por esta alegacións o 27 de xullo de 2005 solicitando o arquivo do expediente ó considerar non procedente a imposición de sanción algunha o ter cumprimentado o requerimento de execución de obras no aparcamento da Porta do Sol que se lle ordenou.

O arquitecto de patrimonio en data 3 de agosto de 2005 informa ás alegacións formuladas, ratificandose ó respecto, sobre a execución e cumprimento do requerido, o xa sinalado no seus anteriores informes. No que antinxe ó número de prazas do aparcamento, responden ás proxectadas pola propia concesionaria e pola que foi finalmente adxudicada a concesión administrativa para a construción e xestión do aparcamento da Porta do Sol, sen que se aprecie motivación xurídica na procedencia dun cómputo distinto como base na aplicación da sanción prevista no prego de condicións administrativas pola que se rixe.

A teor do que antecede, e vista a proposta de resolución do instructor do expediente, sometese a aprobación da Xunta de Goberno Local o seguinte acordo:

“Impoñer a Interparking Hispania S.A., unha sanción de 11.171,04 € polo incumprimento do Decreto de alcaldía do 26.03.01 de realización de obras de reparación no aparcamento público subterráneo da Porta do Sol sinaladas no informe do arquitecto de Patrimonio do 27.02..2001.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a devandita proposta.

24(999).- RECLAMACIÓNS DE DANOS:

a) MARÍA DOLORES CARBALLO ALVARES. EXPTE. 16375/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 04.08.05, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio, en relación coa reclamación de D^a María Dolores Carballo Alvares por danos sufridos no seu vehículo cando circulaba co mesmo D. Eugenio Martínez Carballo pola rúa Caleira, ao pasar enriba dunha fochanca sen tapar nin sinalizar, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial de dona María Dolores Carballo Álvarez e indemnizála na contía de 571,23 euros, correspondente ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade.

2º.- Dar traslado ao servizo de Vías e Obras ao obxecto de reclamar a Unión Fenosa tanto o importe satisfeito á reclamante en concepto de indemnización de danos e perdas, como os gastos de reparación da focha causada ó arrancar o poste desta empresa.

b) PILAR BARROS LEMOS. EXPTE. 16453/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 19.10.04, en relación coa reclamación de D^a Pilar Barros Lemos por danos producidos por unha caída a consecuencia dunha lousa que estaba levantada na rúa Gran Vía, visto o informe favorable do Consello Consultivo de Galicia do 10.01.05 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica do 04.08.05, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Estimar a reclamación de Dona Pilar Barros Lemos por corresponder ao Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos por resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público e indemnizala coa cantidade de 5.642,89 €.

2º.- Comunicar o acordo aco secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33.l.i) do devandito Regulamento.

c) OLGA BARROS GATO. EXPTE. 170/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 09.08.05, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio, en relación coa reclamación de D^a Olga Barros Gato por danos producidos por unha caída na

rúa Urzaiz cando tropezou cos restos da base dun sinal de tráfico que sobresaía de rasante do chan, a Xunta de Goberno local acorda:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Olga Barros Gato ó non resultaren acreditados no expediente os danos e perdas obxecto da mesma.

d) BEATRIZ VIDALES POUSA. EXPTE. 15926/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 04.08.05, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio, en relación coa reclamación de D^a Beatriz Vidales Pousa por danos producidos no seu vehículo cando perdeu o control do mesmo, na estrada de San Cosme, por mor dunha gran bolsa de auga existente sobre a calzada, a Xunta de Goberno local acorda:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Beatriz Vidales Pousa e indemnizála na contía de 1.733,09 euros, correspondente ó valor da reparación do vehículo da súa propiedade

e) MAURO GARCÍA OYA. EXPTE. EXPTE. 339/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 02.08.05, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio, en relación coa reclamación de D. Mauro García Oya por danos producidos no seu vehículo cando ó circular pola rúa Gran Vía saltóulle gravilla procedente das obras de asfaltado que se estaban a realizar, a Xunta de Goberno local acorda:

Desestimar a reclamación de don Mauro García Oya, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non resultaren probados nin os feitos nin a súa conexión causal co funcionamento de ningún servizo público deste Concello.

f) ZURICH ESPAÑA CÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A (MANUEL VAAMONDE GARCÍA). EXPTE. 83/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 02.08.05, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio, en relación coa reclamación de Zurich España Cía de Seguros y Reaseguros S.A. en nome e representación de D. Manuel Vaamonde García, por danos producidos no seu vehículo cando ao circular pola Avenida Castrelos, tras rebasar o semáforo do cruce colisionou cun valado metálico que se atopaba na calzada, desprazándoo e provocando a súa colisión co vehículo que circulaba pola dirección contraria, a Xunta de Goberno local acorda:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por Zurich España, compañía de Seguros e Reaseguros S.A., en nome e representación de don Manuel Vaamonde García, ó non resultar probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello.

g) MARÍA LUZ GARCÍA ESTEBAN. EXPTE. 16476/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 03.08.05, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio, en relación coa reclamación de D^a Marí Luz García por danos producidos por unha caída cando paseaba pola Avenida de Galicia por mor da falla de lousetas na beirarrúa, a Xunta de Goberno local acorda:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona M^a Luz García Esteban, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non ser nin o titular da vía onde ocorreu o sinistro, nin ter asumido título competencial ningún respecto a conservación e mantemento da mesma.

h) MIRIAN MÉNDEZ FORERO. EXPTE. 461/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 08.08.05, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio, en relación coa reclamación de D^a Miriam Méndez Forero por danos producidos por unha caída na rúa Hernán Cortés por mor do mal estado da beirarrúa a causa das obras realizadas na zona, a Xunta de Goberno local acorda:

Desestimar a reclamación de dona Mirian Méndez Forero por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, por non resultaren convenientemente probados nin os feitos nin o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público.

i) MARÍA CARMEN GARABATOS PARDO. EXPTE. 337/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 08.08.05, conformado pola xefa de Réxime Interior, en relación coa reclamación de D^a María Carmen Garabatos Pardo por danos producidos por unha caída na rúa Peniche debido ao mal estado da calzada con baches e buratos, a Xunta de Goberno local acorda:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona María Carmen Garabatos Pardo, por non corresponder o Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público.

25(1000).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE CASETAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA. Expte. 1646/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas para a contratación da subministración e instalación de quioscos para información turística, asinado pola coordinadora de Turismo e Comercio, do 25.05.05, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, asinado polo xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 8.08.05; visto o informe xurídico de 18.08.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 8.08.05, conformado polo xefe da Área de Contratación, a concelleira de Turismo e o interventor xeral , a Xunta de Goberno local acorda:

1º- Autorizar o gasto de 122.000 euros para a subministración e instalación de cinco quioscos de información turística para o concello de Vigo con cargo á partida 7510.6.290.000 do presuposto do ano 2005.

2º- Aprobar os pregos de cláusulas técnicas e administrativas para a contratación por concurso aberto da subministración e instalación de cinco quioscos de información turística para o Concello de Vigo.

3º- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

26(1001).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE EXECUCIÓN DUNHA PISTA POLI DEPORTIVA NA RÚA LUIS KASADO. EXPTE. 5279/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o proxecto de construción dunha pista polideportiva na rúa Luis Kasado, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, asinado polo xefe de negociado de Contratación, do 7.08.05 de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Contratación, do 8.08.05, conformado pola concelleira de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Aprobar o proxecto de execución das obras de construción de dunha pista polideportiva na rúa Luis Kasado redactado polos Arquitectos D. Alberto Cameselle Lago, Pedro de la Puente Crespo e Alberto Cameselle Alvarez.

2º.- Autorizar o gasto de 47.591,77 euros para a execución do proxecto de execución das obras de construción de dunha pista polideportiva na rúa Luis Kasado que estan consignados nas partidas 4521.620.00.02

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas para a contratación por subhasta das obras do proxecto de construción de dunha pista polideportiva na rúa Luis Kasado.

4º.- Convoca-la subhasta para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

27(1002).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE EXECUCIÓN DE UN RETOPPING NA PISTA DE ATLETISMO MUNICIPAL DE BALAÍDOS. EXPTE. 5363/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o proxecto de retopping das pistas de atletismo de Balaídos, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, asinado polo xefe de negociado de Contratación, do 7.08.05, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Contratación, do 8.08.05, conformado pola concelleira de Deportes e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º Aprobar o proxecto de execución das obras de retopping das pistas de Atletismo de Balaidos redactado polo Arquitecto D. Jorge Zapata Suarez.

2º Autorizar o gasto de 211.999,93 euros para a execución do proxecto de execución das obras de retopping das pistas de Atletismo de Balaídos que estan consignados na partida 4521.632.03.00 (31.999,93 €) e 4521.632.05.00 (180.000 €) do presuposto do ano 2005.

3º Aprobar o prego de condicións administrativas para a contratación por concurso aberto das obras de retopping das pistas de Atletismo de Balaidos

4º Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

28(1003).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE EXECUCIÓN DA REHABILITACIÓN DO POLIDEPORTIVO DO CARBALLAL. EXPTE. 5227/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto proxecto de execución das obras de rehabilitación do polideportivo de Carballal, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, asinado polo xefe de negociado de Contratación, do 7.08.05, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Contratación, do 8.08.05, conformado pola concelleira de Turismo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de execución das obras de rehabilitación do polideportivo de Carballal redactado polos Arquitectos D. Alberto Cameselle Lago, Pedro de la Puente Crespo e Alberto Cameselle Alvarez.

2º.- Autorizar o gasto de 215.278 euros para a execución do proxecto de execución das obras de rehabilitación do polideportivo de Carballal que estan consignados nas partidas 4521.632.04.00

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas para a contratación por subhasta das obras do proxecto de rehabilitación do polideportivo de Carballal.

4º.- Convocar a subhasta para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

29(1004).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE EXECUCIÓN DA AMPLIACIÓN DA CUBERTA NAS PISTAS DE PETANCA DE BEADE. EXPTE. 5379/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto proxecto de execución das obras de ampliación da cuberta nas pistas de petanca de Beade, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, asinado polo xefe de negociado de Contratación, do 7.08.05, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Contratación, do 8.08.05, conformado pola concelleira de Turismo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º Aprobar o proxecto de execución das obras de ampliación da cuberta nas pistas de petanca en Beade redactado polos Arquitectos D. Alberto Cameselle Lago, Pedro de la Puente Crespo e Alberto Cameselle Alvarez.

2º Autorizar o gasto de 31.922 € para a execución do proxecto de execución das obras de ampliación da cuberta nas pistas de petanca en Beade que estan consignados nas partidas 4521.620.00.01

3º Aprobar o prego de condicións administrativas para a contratación por subhasta das obras do proxecto de ampliación da cuberta nas pistas de petanca en Beade.

4º Convocar a subhasta para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

30(1005).- CONCESIÓN DE AXUDAS DE ESTUDIOS CON CARGO AO FONDO SOCIAL, CORRESPONDENTES A RECLAMACIÓN DA SEGUNDA CONVOCATORIA. EXPTE. 15923/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o acordo da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, do 1.07.05, e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 08.08.05, conformado polo concelleiro delegado da Area de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o aboamento de axudas por reclamacións de estudos da segunda convocatoria, os seguintes traballadores:

APELIDOS E NOME	DNI	Nº PERSOAL	IMPORTE
DAVILA CRESPO , MARINA	36.049.214	22830	145,00 €
GOMEZ SALGADO, JOSEFA	34.908.732	77000	40,00 €
MARTINEZ-MURILLO CAMPOS, Mª CONCEPCIÓN	36.096.910	22757	35,00 €
OCAMPO CARDALDA, CONCEPCIÓN	35.542.692	16567	100,00 €
RODRIGUEZ GRANJA, JULIO	36.000.922	13540	185,00 €
SALGADO LÓPEZ, AMPARO	34.592.566	8473	140,00 €
SANDE VÁZQUEZ, JOSÉ ANTONIO	36.081.856	22970	145,00 €
TOTAL			790,00 €

31(1006).- CONCESIÓN DE AXUDAS ESPECIAIS CON CARGO AO FONDOS SOCIAL, CORRESPONDENTES Á CONVOCATORIA DO ANO 2005. EXPTE. 15922/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o acordo da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, do 1.07.05, e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 08.08.05, conformado polo concelleiro delegado da Area de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o aboamento de axudas especiais ós seguintes traballadores:

APELIDOS E NOME	DNI	Nº PERSOAL	IMPORTE
FERNANDEZ GALLEGO, JOSÉ LUIS	34.909.660	23024	756,00 €
GONZALEZ ALONSO, Mª FERNANDA	35.975.848	17970	480,00 €
MOSCOSO VIZCAINO, JUAN	35.921.659	16403	1.760,00 €
OTERO FERNÁNDEZ, BELÉN	36.091.720	78832	3.300,00 €
PRIETO GONZALEZ, NILO	36.047.905	21060	522,00 €
RIELO FRANCO, Mª RITA	36.067.745	23774	455,00 €
SANCECILIO VIEITEZ, ROSA	36.053.090	22094	2.200,00 €
VIDAL TRIGO, ANTONIO	36.026.112	14261	1.610,00 €
TOTAL			11.083,00 €

2º.- Denegar as solicitadas por D. José Antonio España Piñeiro por non concederse axudas por ter unha minusvalía, se non se xeneran gastos especiais e a D. José Manuel Fernández Barros, por considerar a Comisión que non son servicios médicos.

32(1007).- ASIGNACIÓN DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE AOS DOUS CONDUCTORES ADSCRITOS AO SERVIZO DA ALCALDÍA, CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2005. EXPTE. 15924/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 9.08.05 e de acordo co informe proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, da mesma data, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar aos seguintes funcionarios, que prestan servicios como conductores adscritos a Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril:

- D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, 1.246,17€.

- D. Cesáreo Rocha Paramés, núm. persoal 12256, conductor da Alcaldía, 1.933,47€.

Dese traslado da presente resolución aos interesados, ao Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.

33(1008).- PROPOSTA PARA A CONTRATACIÓN DE TRES AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS POR PERÍODO DE TRES MESES, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS. EXPTE. 15914/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do técnico de Organización, de 22.07.05, conformado pola Alcaldesa e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes.

Con data 27 de xuño de 2005, o xefe da área de acción social puxo en coñecemento da Unidade de Persoal a necesidade de reforzar o Servicio de Benestar Social, coa adscripción de dous auxiliares administrativos, xa que na actualidade, o número de baixas por I.T., o disfrute das vacacións regulamentarias e a inmediata aplicación da xornada reducida de verán, repercutirían na atención ó público e na prestación deste obrigado servicio público.

Así mesmo, o enxeñeiro xefe de Vías e Obras, con data 1 de xullo de 2005, solicita a contratación temporal dun auxiliar administrativo, xustificándose a mesma pola existencia de dúas vacantes de dministrativos que foron trasladados recentemente a outros servicios municipais e do disfrute do seu periodo vacacional do outro auxiliar adscrito o dito servicio.

Nas bases da derradeira oferta de emprego público correspondente ó ano 2002 (BOP de 5 de maio de 2003), recentemente executada, preveíase expresamente na Base xeral “outras disposicións comúns”, a posibilidade de confeccionar unha lista de substitucións cos aspirantes que, non superando a oposición, tivesen aprobado os distintos exercicios de que constou aquela.

Por resolución da Alcaldía-Presidencia, de data 12 de febreiro de 2004, en execución do acordo da Xunta de Goberno Local, de 9 de febreiro anterior, resolveuse o nomeamento interino de sete auxiliares de administración xeral, polo que neste intre a referida lista atópase esgotada.

Consecuentemente, resultou preciso artellar un proceso de cubrición áxil que permitise, coa debida urxencia, a formalización das contratacións laborais propostas, polo que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 13 de xuño de 2005, autorizou o pertinente proceso selectivo para proceder á contratación de tres auxiliares administrativos, por acumulación de tarefas, que unha vez seleccionados pola correspondente comisión de valoración, foron contratados por resolución da alcaldía-presidencia de 30 de xuño ppdo. e con efectos do día 1 de xullo seguinte.

Na acta de data 29 de xuño de 2005, da comisión de valoración encargada da selección de tres auxiliares administrativos antes mencionada, figuran D^a M^a Victoria Losada Malvar, NIF 36.144.290-C, D^a Andrea García Moreira, NIF 36.300.666-J e D. Ramón González Sanz, NIF 36.120.579-E, aspirantes que superaron a proba de que constou a contratación e que obtiveron os postos números 4^o, 5^o e 6^o respectivamente.

Fundamentos legais.

De conformidade co disposto no artigo 9.2 da lei 4/88, de 26 de maio da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.

Nembargantes, e consonte ó parágrafo 3º do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.

Ó aveiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.

O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, isto e, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público.

Nembargantes, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso en todo caso cos principios de mérito e capacidade, tal e como dispón o artigo 35 do RD 364/95 .

Por esta razón, o artigo 249.1 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral será con carácter xeral o concurso, excepto nos casos de urxencia.

Así mesmo, lei 56/03, de 16 de decembro, de emprego, configura ós servizos autonómicos de emprego, como un servizo público e gratuito, que terá como funcións, axudar ós traballadores ó encontro de emprego e ás empresas á contratación dos mesmos, todo elo a través dunha selección obxectiva daqueles candidatos que figuren inscritos no rexistro de ofertas de emprego.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas-, esta definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Entendese, por outra banda, amparada ésta contratación ó aveiro do disposto no artigo 20.2 da lei 2/2004, de 29 de decembro, de presupostos xerais do Estado para o ano 2005, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servizo de recepción obrigatoria como a que nos ocupa.

Por todo iso, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local dicte a seguinte proposta de Resolución:

"Primeiro.- Que pola alcaldía-presidencia se proceda á formalización dos correspondentes contratos como auxiliares administrativos/as por un período de tres meses (do 1 de agosto ó 31 de outubro de 2005) a Dª Mª Victoria Losada Malvar, NIF 36.144.290-C, Dª Andrea García Moreira, NIF 36.300.666-J e a D. Ramón González Sanz, NIF 36.120.579-E, aspirantes que superaron a proba de que constou a contratación e que obtiveron os postos números 4º, 5º e 6º respectivamente, baixo a modalidade contractual –contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET

e art. 1 e 3.1 do Rd 2720/1998, do 18 de decembro), e o seu prazo contractual establécese, como máximo, en seis meses.

Segundo.- O referido persoal prestará os servicios propios da súa categoría profesional nos diferentes servicios municipais demantantes das contratacións propostas e percibirá as retribucións correspondentes ó posto cód. 140-auxiliares administrativos.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(1009).- PRÓRROGA POR UN ANO DO CONTRATO CON SANTIAGO CUCART S.L. DE “ASISTENCIA TÉCNICA E COLABORACIÓN NOS PROCEDIMENTOS DE RECADACIÓN NA VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO E NOS PROCEDIMENTOS DE XESTIÓN E RECADACIÓN DE EXPTE. SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DE TRÁFICO E SEGURIDADE VIAL”. EXPTE. 6878/540.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do tesoureiro municipal, do 26.07.05, conformado polo concelleiro de Xestión municipal, que di o seguinte:

A Comisión de Goberno en sesión celebrada o día 06 de maio de 2.002, adoptou o acordo de adxudicar á empresa SANTIAGO CUCART, S.L. (N.I.F. B-96067400), o contrato de “asistencia técnica e colaboración nos procedementos de recadación na vía de constrinximento de ingresos municipais de dereito público e asistencia técnica e colaboración nos procedementos de xestión e recadación de expedientes sancionadores por infraccións en materia de tráfico e seguridade vial”, formalizándose o correspondente contrato con data de 5 de novembro de 2.002.

A cláusula administrativa 6ª do prego de condicións establece:

6.- PRAZO CONTRACTUAL.

Os servicios obxecto de presente contrato comezará a prestalos o adxudicatario a partir do día seguinte a aquel no que se formalice o contrato correspondente.

A duración do contrato será de dous anos a contar dende a data da súa formalización.

O contrato poderá prorrogarse por períodos anuais ata un máximo de dúas prórrogas previo acordo expreso do órgano de contratación e sempre que se dean os requisitos do artigo 198.1 R.D. Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.

O contratista poderá denunciar o contrato cunha antelación de catro meses ó vencemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.

No obstante, si a data de finalización da vixencia do contrato ou de algunha das súas prórrogas non coincidise coa data de peche dun exercicio económico (31 de decembro) e coa súa correspondente rendición de contas, entenderase automaticamente prorrogado ata tal data.

Como consecuencia do transcurso de dous anos dende a data de formalización do contrato de referencia, a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 2 de novembro de 2004, acordou autoriza-la prórroga do mesmo para o período comprendido entre o 06-11/2004 e o 05-11-2005

Dado que a prórroga autorizada polo órgano de contratación finaliza o día 05 de novembro do ano en curso, se ben por imperativo do último párrafo da cláusula citada quedaría diferido ó día 31 de decembro, presenta agora SANTIAGO CUCART, S.L. escrito por medio do cal interesa novamente a prórroga do contrato, segundo o disposto no pliego de condicións técnicas e administrativas.

A tales efectos, entende o funcionario que subscribe que o contratista ven realizando as prestacións contratadas a satisfacción, polo que considera convinte acceder ó solicitado, isto é, prorrogar o contrato formalizado con SANTIAGO CUCART, S.L. de “asistencia técnica e colaboración nos procedementos de recadación na vía de constrinximento de ingresos municipais de dereito público e asistencia técnica e colaboración nos procedementos de xestión e recadación de expedientes sancionadores por infraccións en materia de tráfico e seguridade vial” por un período anual máis, isto é, ata o día 5 de novembro do 2.006, sen prexuízo do disposto no último párrafo da cláusula administrativa número 6 do prego de condicións que rexeu a licitación respecto de diferir a finalización do contrato ó último día do exercicio natural.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co devandito informe, acorda:

Prorrogar o contrato formalizado con SANTIAGO CUCART, S.L. de “asistencia técnica e colaboración nos procedementos de recadación na vía de constrinximento de ingresos municipais de dereito público e asistencia técnica e colaboración nos procedementos de xestión e recadación de expedientes sancionadores por infraccións en materia de tráfico e seguridade vial” por un período anual máis, isto é, ata o día 5 de novembro do 2.006, sen prexuízo do disposto no último párrafo da cláusula administrativa número 6 do prego de condicións que rexeu a licitación respecto de diferir a finalización do contrato ao último día do exercicio natural.

35(1010).- INFORME SOBRE O ESTUDO INFORMATIVO DA VARIANTE DO TRAZADO PORRIÑO-VIGO (CLAVE EI.4-PO-19). EXPTE. 975/400.

O presente expediente retirase para mellor estudo.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

36(1011).- LUTO POLOS MILITARES ESPAÑOIS FALECIDOS EN AFGANISTAN.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, declara a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

A Xunta de Goberno acorda adherirse aos pronunciamentos oficiais da Xunta de Galicia e Administración do Estado sobre o falecemento dos militares españois en Afganistán o día 16 de agosto.

37(1012).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretario dou fé.

me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Antonio Coello Bufill.